

Consello de Contas
de Galicia



INFORME DE FISCALIZACIÓN SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS NO ÁMBITO AUTONÓMICO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

**EXERCICIO 2021-2022
(1502022-06)**

APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA 24 DE ABRIL DE 2023







ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	11
I.1. INICIATIVA DA FISCALIZACIÓN	11
I.2. ÁMBITO SUBJECTIVO	11
I.3. ÁMBITO OBXECTIVO	11
I.4. ÁMBITO TEMPORAL	11
I.5. TIPO DE FISCALIZACIÓN E OBXECTIVOS	12
II. MARCO NORMATIVO	12
III. RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN	13
IV. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS	13
V. CONCLUSIÓNS	14
VI. RECOMENDACIÓNS	18
VII. ANTECEDENTES DA FISCALIZACIÓN	19
VIII. RESULTADOS DOS TRABALLOS	21
VIII.1. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO	21
VIII.2. MARCO DE GOBERNANZA	23
VIII.2.1. Estruturas de gobernanza na Comunidade Autónoma de Galicia	24
VIII.2.2. Planificación estratéxica	28
VIII.2.3. Transparencia e rendición de contas	30
VIII.2.4. Medidas adoptadas para o fomento da concorrência	31
VIII.3. COBERTURA DE NECESIDADES DE RECURSOS HUMANOS E OUTROS MEDIOS MATERIAIS	32
VIII.3.1. Desenvolvemento Normativo	33
VIII.3.2. Planificación e organización de recursos humanos	33
VIII.3.3. Medidas de xestión de persoal	34
VIII.3.4. Sistema de incentivos	35
VIII.3.5. Formación	36
VIII.4. MODELOS DE XESTIÓN	37
VIII.4.1. Adaptación dos sistemas de xestión	38
VIII.4.2. Instrumentos de xestión	40
VIII.4.3. Mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude	44
VIII.4.4. Xestión e control orzamentarios	47
VIII.4.5. Sistemas de información	48
ANEXOS	51
ALEGACIÓNS	67
RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS	91



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Importes do instrumento Next Generation UE (2021-2026)	20
Cadro 2: Título V da Lei 9/2021	22
Cadro 3: Importes totais asignados ás entidades executoras en Galicia a 28 de febreiro de 2022	25
Cadro 4: Test de autoavaliación e risco	39
Cadro 5: Especialidades normativas da Lei 9/2021 en materia de subvencións.	41
Cadro 6: Plans de Medidas Antifraude incluídos na mostra seleccionada	45





ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Eixes transversais e políticas panca do PRTR.....	20
Gráfico 2: Avances nos investimentos dos fondos asignados ás CCAA a 31 de maio de 2022 (Mill €).....	24
Gráfico 3: Niveis de control PRTR.	26





ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I: Referencias ao PRTR nas Leis Orzamentarias.....	53
Anexo II: Entidades Executoras e Subproxectos a 28-02-2022	55
Anexo III: Denominación, Composición e Funcións dos Órganos de Gobernanza. (Art. 60 e 61 da Lei 9/2021).....	64
Anexo IV: Cursos de Formación	65





ABREVIATURAS

BDNS	Base de Datos Nacional de Subvencións
CCAA	Comunidades Autónomas
CI	Conflicto de interese
CNGG	Comisión Next Generation Galicia
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
CoFFEE	Plataforma común de FFEE- Fondos Europeos
DACI	Declaración de ausencia de conflicto de intereses
ICEX	Institucións de control externo
IGAE	Intervención General de la Administración del Estado
IPE	Instrumento de Planificación Estratégica
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
MRR	Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia
NGEU	Next Generation European Unión
OCEX	Órganos de control externo
OGAC	Oficina Galega de Auditoría e Control
PCSP	Plataforma de Contratación do Sector Público
PMA	Plan de medidas antifraude
PMII	Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión
PRTR	Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
TICs	Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós
UE	Unión Europea





I. INTRODUCCIÓN

I.1. INICIATIVA DA FISCALIZACIÓN

O Pleno do Consello de Contas aprobou, na súa sesión do 8 de abril de 2022, o Plan Anual de Traballo para o exercicio 2022, no que se contempla a realización dun Informe de fiscalización das medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A inclusión desta fiscalización no programa anual de traballo ten a súa orixe na reunión da Comisión de Coordinación no ámbito autonómico do Tribunal de Contas e dos Organismos Autonómicos de Control Externo (OCEx), celebrada o 11 de febreiro de 2022, na que se destacou a conveniencia de realizar unha auditoría conxunta entre o Tribunal de Contas e os OCEx sobre o grao de preparación das Comunidades e Cidades Autónomas para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). A actuación supón unha oportunidade de contribuír á boa execución do PRTR tendo en conta que, o volume sen precedentes do financiamento a recibir e o breve período temporal para a realización dos investimentos, requirirán dunha óptima execución dos fondos por parte das Comunidades Autónomas na súa condición de entidades executoras.

Ademais, enmárcase no Plan Estratéxico 2019-2022 do Consello de Contas contribuíndo á consecución de diversos obxectivos e medidas como fomentar a realización de auditorías operativas ou colaborar coas ICEX a través de traballos coordinados.

I.2. ÁMBITO SUBXECTIVO

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído pola Administración xeral da Comunidade Autónoma.

I.3. ÁMBITO OBXECTIVO

O ámbito obxectivo está constituído polas medidas normativas, organizativas, de planificación e de adaptación dos sistemas de xestión, procedementos e sistemas de información levadas a cabo para a implementación do PRTR no ámbito autonómico.

I.4. ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal da fiscalización esténdese dende o 01/01/2021 ata o 31/05/2022¹, sen prexuízo de que se efectúen os exames e comprobacións relativas a períodos anteriores e posteriores que se consideren necesarias para o cumprimento dos obxectivos programados.

¹ No escrito de inicio da actuación solicitouse documentación referida ao 28 de febreiro de 2022. No informe figura a esa data a información cuxa actualización a 31 de maio de 2022 non foi posible obter no transcurso da fiscalización.



I.5. TIPO DE FISCALIZACIÓN E OBXECTIVOS

A actuación foi definida como unha fiscalización de cumprimento e operativa de sistemas e procedementos.

O obxectivo xeral de contribuír á boa execución do PRTR analizando o grao de preparación acadado pola Comunidade Autónoma neste ámbito concrétese en:

1. Analizar as actuacións levadas a cabo para a adecuada gobernanza dos fondos recibidos para a execución do PRTR.
2. Analizar a planificación e xestión dos recursos humanos para adecuala ás necesidades de xestión do PRTR.
3. Analizar a adaptación do sistema de xestión, os procedementos e os sistemas de información aos requirimentos do PRTR.

Na fiscalización aplicáronse os programas de traballo, criterios e metodoloxía consensuados entre o Tribunal de Contas e os OCEx participantes coa finalidade de acadar a homoxeneidade precisa para unha análise comparada dos resultados obtidos.

II. MARCO NORMATIVO

O marco normativo de aplicación está integrado polas normas de ámbito europeo, estatal e autonómico que se relacionan a continuación:

A) NORMATIVA EUROPEA

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

B) NORMATIVA ESTATAL

- Lei 8/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

C) *NORMATIVA AUTONÓMICA*

- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

III. RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN

A responsabilidade da adopción das medidas necesarias para a implementación do PRTR no ámbito autonómico correspóndelle á Consellería de Facenda e Administración Pública como titular das competencias nas seguintes materias: coordinación e seguimento da xestión dos fondos procedentes do MRR no marco do PRTR; planificación, programación, coordinación, execución e seguimento das actuacións de control no ámbito do MRR; execución da política de persoal da administración autonómica e integridade institucional.

IV. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas límtase a analizar as medidas levadas a cabo para a implementación do PRTR no ámbito autonómico e emitir conclusións e recomendacións a este respecto.



O traballo levouse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo (ICEX). Esta normativa esixe que se cumpran os requirimentos de ética e que se planifique e execute a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que a información estea libre de incorreccións materiais de xeito que resulte, en todos os aspectos significativos, conforme á normativa vixente.

Consideramos que as evidencias de auditoría que obtivemos proporcionan unha base suficiente e adecuada para fundamentar as nosas conclusións e recomendacións.

V. CONCLUSIONES

Desenvolvemento normativo

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma non se aprobou unha norma específica para a implementación do PRTR. Porén, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia dedica o seu Título V a regular os instrumentos de gobernanza e as especialidades de xestión dos fondos de recuperación.

Adicionalmente, as leis orzamentarias para os exercicios 2021 e 2022 introduciron disposicións relativas ao PRTR.

Marco de gobernanza

En liñas xerais a Lei 9/2021 diseña unha estrutura de gobernanza adecuada para a planificación, coordinación e seguimento do PRTR que se articula en torno á *Comisión para a planificación e impulso de proxectos* -en adiante CNGG- e ao *Comité Técnico de Fondos de Recuperación*. As funcións e responsabilidades destes órganos defínense, respectivamente, nos artigos 60 e 61.

Dende a súa constitución, por acordo do Consello da Xunta do 8 de outubro de 2020, a CNGG aprobou documentos de harmonización en materia de contratos e subvencións e tamén unha Guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do MRR. Durante a fiscalización non se obtivo evidencia da realización doutras funcións que lle encomenda a lei, como analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento NGEU ou levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas; tampouco consta a creación do Comité Técnico previsto polo artigo 61. En consecuencia, non foi posible verificar que a planificación, coordinación e seguimento das actuacións incluídas no PRTR acadara o grao de desenvolvemento esixible.



Planificación estratéxica

Planificación xeral

Elaborouse un instrumento de planificación de ámbito autonómico² aprobado en sintonía co PRTR e enmarcado dentro do Plan Estratéxico Rexional. O documento identifica os eidos prioritarios de investimento e prevé o deseño dun cadro de indicadores que permitan medir de forma continuada o desenvolvemento da estratexia, reflectindo os resultados obtidos en informes de seguimento. Á data de elaboración do presente informe non se puxeran en marcha os sistemas de monitorización descritos nin se elaboraran os correspondentes informes sobre a evolución das accións desenvolvidas, o que dificulta, tanto a detección das desviacións que, no seu caso, se teñan producido, como a adopción das medidas necesarias para corrixilas.

Planificación para a xestión do PRTR

O instrumento xeral descrito non foi completado con outros instrumentos de planificación que identifiquen os subproxectos asignados, as actuacións a realizar e os medios necesarios para desenvolvelas. Se ben esta incidencia non supón un incumprimento legal, afecta á correcta identificación das obrigas asumidas e ao adecuado seguimento dos fitos e obxectivos asignados.

Planificación dos instrumentos de xestión

Non se aprobou un Plan Estratéxico de Subvencións nin un Plan Anual de Contratación nos que poder reflectir os instrumentos de xestión do PRTR.

Transparencia e rendición de contas

Durante o período fiscalizado, a Comunidade Autónoma non se dotara de pautas claras sobre a información a subministrar en relación coas actuacións incluídas no PRTR e, en consecuencia, non se publicaron datos relativos á xestión desenvolvida neste ámbito que permitan coñecer o grado de avance na súa execución.

A través da páxina web Next Generation Galicia, dispoñible dende principios do ano 2021, publícase información sobre as convocatorias estatais e autonómicas vinculadas ao plan xunto con noticias relacionadas cos fondos e información sobre a súa normativa reguladora. O portal é susceptible de mellora, tanto polo que respecta á accesibilidade e á navegación dentro do seu entorno, como en relación co formato no que se presenta a información.

² Next Generation Galicia: Estratexia para a transformación de Galicia.



Fomento da concorrancia

Ademais da centralización de toda a información relativa ao PRTR nunha única páxina web, desenvolvéronse diferentes accións que favorecen o fomento da concorrancia. Entre elas destacan a promoción do diálogo social a través de encontros con axentes sociais para analizar as candidaturas Next Generation de Galicia ou a creación, no Instituto Galego de Promoción Económica, dunha Unidade de Proxectos Tractores que proporciona asistencia técnica para apoiar aos perceptoros dos fondos que así o precisen.

Recursos humanos

Planificación

Aínda que a Lei 9/2021 non prevé que as necesidades en materia de RRHH se incorporen a un instrumento de planificación estratéxica o Acordo do 8 de abril de 2021, polo que se aproban as actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia, deu resposta aos contidos propios dun instrumento deste tipo. As medidas de planificación que recolle requiren dunha coordinación centralizada, que non se instrumentou a través dunha unidade con competencias en materia de recursos humanos destinados ao PRTR. Porén, esta debilidade corrixiuse parcialmente a través da intervención de tres centros directivos da Consellería de Facenda e Administración Pública aos que se lle asignaron funcións específicas para a constitución de grupos de traballo que dean cobertura ás necesidades existentes.

Xestión

No momento da realización dos traballos de fiscalización os xestores situaban o nivel de cobertura das necesidades de persoal asociadas ao PRTR entre un 50% e un 75%. Porén, non se obtivo evidencia de que, durante o período fiscalizado, se analizara a carga de traballo existente nas diferentes unidades ou se aplicaran as medidas previstas normativamente para facilitar a cobertura dos postos vinculados ao PRTR, o que podería afectar negativamente á óptima utilización dos recursos existentes.

Formación

A Comunidade Autónoma detectou de forma temperá as necesidades formativas para a execución dos fondos PRTR e respondeu con solvencia aos retos de axilidade na celebración dos cursos e ampla accesibilidade aos mesmos.

Modelos de xestión

Adaptación dos sistemas de xestión

A falta de cumprimentación dos test de autoavaliación pola maioría de entidades executoras e as



debilidades atopadas nos efectivamente realizados, impiden efectuar unha valoración en relación coa adaptación dos sistemas de xestión a partir da información dos cuestionarios remitidos.

Adaptación dos instrumentos de xestión

En liñas xerais a Comunidade Autónoma adaptou de xeito coordinado os procedementos de subvencións, contratacións e convenios aos principios de xestión específicos do PRTR. A dita adaptación realizouse a través de medidas no ámbito da xestión -Guía para a xestión dos expedientes con financiamento de fondos do MRR, modelos de bases reguladoras de subvencións e pregos tipo de contratos- e tamén no ámbito do control interno -Instrución 1/2022 da IXCA³.

Xestión e control orzamentarios

O sistema de xestión e control orzamentario responde de xeito adecuado ás principais necesidades derivadas da xestión de fondos do PRTR. A especificación da modalidade de financiamento e a creación de proxectos orzamentarios no sistema de información contable da Xunta de Galicia facilitan a identificación dos ingresos ou gastos asociados ao PRTR a nivel de subproxecto.

Mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude

O 10 de decembro de 2021 o Consello da Xunta aprobou o Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude e o modelo de plan específico para os centros directivos e entidades instrumentais.

Tanto o plan xeral como os plans específicos que se foron aprobando inclúense nun marco de integridade institucional con vocación de extensión a todas as entidades e fondos do sector público autonómico.

Proceso de elaboración dos Plans de Medidas Antifraude

O plan xeral establece a necesidade de realizar unha avaliación de riscos e incide na conveniencia de que esa avaliación se realice de xeito individualizado en cada plan específico. Porén, con carácter xeral, a análise individualizada foi substituída por unha remisión xenérica aos riscos e medidas identificados no plan xeral.

Contido dos plans

Os plans analizados inclúen os requirimentos de contido mínimos fixados pola normativa, se ben se apreciaron marxes de mellora no que respecta aos procedementos de xestión dos conflitos de interese e de supervisión das DACI.

³ Instrución 1/2022 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, relativa ao control de expedientes financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, do 11.03.2022.



Competencias

O plan xeral desenvolve un marco organizativo con distribución de competencias de todos os órganos transversais pero non inclúe no seu contido á Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade prevista no PMII.

Sensibilización e difusión

O Pleno do Consello da Xunta realizou unha declaración institucional de integridade e compromiso ético que foi subscrita, en idénticos termos, polos máximos responsables dos centros directivos/entidades instrumentais que elaboraron plans específicos.

Máis alá da súa publicación na web e da inclusión dun enlace ao seu contido no manual de acollida a novos funcionarios, non consta que se estableceran mecanismos de difusión ou comunicación dos plans.⁴

Sistemas de información

A Secretaría Xeral de Fondos Europeos deseñou un sistema de información de xestión do PRTR (CoFFEE) que á data de redacción do presente informe non estaba operativo. Sen prexuízo da dificultade que isto supón para agrupar a información xerada nos procesos de xestión das iniciativas derivadas do PRTR, as comunidades autónomas deben adaptar os seus sistemas de información ao contido da Orde HFP/1031/2021, de xeito que permita o acceso á información identificativa dos subproxectos, o seguimento da súa execución contable e o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos.

En Galicia, no momento de elaboración do presente informe, estíbese a preparar un sistema de información de alcance autonómico cuxa posta en funcionamento condiciónase á operatividade do sistema estatal.

VI. RECOMENDACIÓNS

- 1.- Impulsar o desenvolvemento das funcións que a Lei 9/2021 atribúe aos órganos de gobernanza do PRTR, nomeadamente no que se refire ao seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas.
- 2.- Poñer en marcha os mecanismos de monitorización previstos no documento *Estratexia para a transformación de Galicia* e reflectir os resultados en informes semestrais de seguimento e anuais de avaliación.

⁴ Parágrafo modificado no trámite de alegacións.



- 3.- Aprobado instrumentos de planificación para a xestión do PRTR que identifiquen os subproxectos asignados, as actuacións a realizar e os medios necesarios para desenvolverlas.
- 4.- Aprobado un Plan Estratéxico de Subvencións e un Plan Anual de Contratación e incluír neles as subvencións e contratos necesarios para a execución do PRTR.
- 5.- Plasmar nun documento as instrucións relativas ao tipo e contido da información a publicar sobre a xestión dos fondos MRR. Publicar esa información en formatos que permitan a súa edición e tratamento posterior.
- 6.- Centralizar, nun dos tres centros directivos con atribucións na xestión destes fondos, as competencias en materia de RRHH destinados ao PRTR de cara a unha óptima coordinación das necesidades de todas as entidades executoras.
- 7.- Implementar as medidas de xestión de persoal previstas pola Lei 9/2021, nomeadamente a análise da carga de traballo, para coñecer as necesidades reais de persoal asociadas á xestión dos fondos MRR.
- 8.- Impulsar unha análise individualizada dos riscos que se incorporen aos plans específicos, evitando as remisións xenéricas ao plan xeral.
- 9.- Integrar no contido do PMA a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e implementar mecanismos para unha maior difusión dos plans.
- 10.- Implementar, á maior brevidade posible, un sistema de información a nivel autonómico que permita efectuar un adecuado seguimento en relación co cumprimento dos fitos e obxectivos.

VII. ANTECEDENTES DA FISCALIZACIÓN

A pandemia ocasionada pola COVID-19 provocou un shock socio-sanitario a nivel mundial que tivo un forte impacto nas economías dos estados membros da UE e nomeadamente na española, cuxa caída do PIB sitúase por enriba da media da zona euro. Ante a gravidade desta situación a Unión Europea decidiu adoptar unha resposta conxunta co obxectivo de mitigar os efectos da crise e impulsar unha transformación estrutural das economías dos estados membros. Neste contexto a Comisión Europea aprobou, en maio de 2020, un paquete de medidas que engloban, tanto o marco financeiro plurianual para 2021-2027, como un instrumento temporal de recuperación denominado *Next Generation EU (NGEU)* por valor de 750.000 millóns de euros a repartir entre 2021-2026. O instrumento supón a mobilización dun volume de recursos sen precedentes na historia da UE dos que practicamente o 90% (672.500 millóns de euros) recaerán no *Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia* (MRR) e repartiranse por dúas vías: préstamos (360.000 millóns de euros) e transferencias non reembolsables (312.500 millóns de euros). O seguinte cadro recolle o detalle destes importes especificando as cifras para España, ata 140.000 millóns de euros de transferencias e créditos, que se unirán ao resto de instrumentos previstos no Marco Financeiro Plurianual.




Cadro 1: Importes do instrumento Next Generation UE (2021-2026)

Next Generation UE	Destinatario	
	Conxunto UE (Mill €)	España (Mill €)
MRR - Transferencias	312.500	69.528
MRR – Préstamos	360.000	70.000
REACT- UE	47.500	12.436
Outros	30.000	1.170
Total Next Generation UE	750.000	153.134

Fonte: Comisión Europea

Ademais de pola contía, a importancia do MRR ven determinada polos seus obxectivos principais dentro dos que cabe distinguir entre os de curto prazo, que se centrarán na recuperación; os de medio prazo, que estarán focalizados na transformación estrutural das economías e os de longo prazo, nos que o desafío será o desenvolvemento sostible e a resiliencia. Neste sentido, a concesión dos desembolsos aos estados membros condicionarase á aprobación do seu correspondente Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. En España o Plan foi aprobado polo Goberno o 7 de outubro de 2020, incorporando unha axenda de investimentos e reformas estruturais que se articulan entorno a catro obxectivos fundamentais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Tal como se establece no propio texto do Plan, estes catro eixes orientarán as dez políticas panca que determinan a evolución futura do país e que se identifican no gráfico seguinte:

Gráfico 1: Eixes transversais e políticas panca do PRTR



Fonte: Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia

Á súa vez, dentro das dez panca recóllense trinta compoñentes que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Estes compoñentes estrutúranse en 212 medidas, das que 110 son investimentos e 102 reformas para o período 2021-2023 de cuxo cumprimento dependerá o desembolso dos fondos.



España comprometeuse a cumprir 220 fitos e 196 obxectivos- recollidos na Decisión de Execución do Consello (CID)- aos que estará vinculado o desembolso dos fondos.

A instrumentación destas medidas realízase a través de proxectos, entendidos como o conxunto de accións, recursos e medios aliñados entorno a un único obxectivo e baixo a dirección dun único responsable ou entidade executora. Os proxectos poderán descompoñerse en subproxectos cando na súa execución interveña máis dunha entidade executora.

O Goberno calcula que durante o período de execución (2021-2026) as Comunidades Autónomas xestionarán ata o 54% do total para investimentos a través da execución de subproxectos nos seus ámbitos de competencias: vivenda, mobilidade sostible, promoción de renovables, restauración de ecosistemas, renovación de edificios públicos, educación, emprego e formación profesional, inclusión e servizos sociais, entre outros.

A meirande parte de recursos que o Estado asigna aos entes territoriais do Plan de Recuperación son acordados en conferencias sectoriais, que son órganos de cooperación multilateral nos que participan todas as comunidades autónomas, Ceuta e Melilla. Estas asignacións realízanse de acordo cos criterios obxectivos de distribución fixados polas respectivas conferencias sectoriais e, polo tanto, de xeito consensuado.

No instrumento xurídico elixido para a execución dos acordos de reparto da Conferencia Sectorial débense detallar: as medidas a realizar por cada Comunidade Autónoma coas cantidades transferidas, identificando as reformas e investimentos en que consistan e o calendario previsto para a súa implantación; o coste estimado total das medidas incluídas na Conferencia Sectorial para cada Comunidade Autónoma, o coste estimado de cada medida a executar pola Comunidade Autónoma e o seu calendario de execución; os fitos e obxectivos das reformas e dos investimentos asociados a cada medida e o calendario para o seu cumprimento; os indicadores asociados a cada fito e a cada obxectivo e, por último, a obriga de información e de rendición de contas da utilización das cantidades recibidas por Conferencia Sectorial, as condicións para a súa rendición e as consecuencias do incumprimento de cada obriga.

VIII. RESULTADOS DOS TRABALLOS

VIII.1. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO

No ámbito estatal, co obxectivo de acometer un proceso de modernización que proporcione as ferramentas necesarias para a execución do PRTR e a mellor xestión de fondos, o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, aprobou as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



A norma incorpora una serie de instrumentos de carácter xeral dirixidos a reducir as barreiras normativas e administrativas, así como un conxunto de medidas de modernización das administracións públicas que permitan unha xestión máis áxil e eficiente, para facilitar a absorción dos fondos do MRR (artigo 1.3). Contén normativa básica estatal que será de aplicación a todo o Sector Público, se ben incorpora previsións que resultan exclusivamente de aplicación á Administración xeral do Estado e ao sector público estatal e que, polo tanto, non deben ter carácter básico. Estes preceptos enuméranse no apartado 2 da súa Disposición derradeira primeira.

Dende o Ministerio de Facenda e Función Pública aprobáronse, en setembro de 2021, dúas Ordes de desenvolvemento:

- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR. Esta norma desenvolve un sistema de xestión orientado a definir, planificar, executar, seguir e controlar os proxectos e subproxectos nos que se descompoñen as medidas (reformas/investmentos) previstas nos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR. Esta Orde regula o procedemento, formato e periodicidade da información de seguimento do logro dos fitos e obxectivos e da execución contable dos gastos incorridos no desenvolvemento dos proxectos, subproxectos ou as liñas de acción das medidas que conforman os compoñentes financiados con fondos do Mecanismo de Recuperación.

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, o desenvolvemento da regulación contida no Real decreto lei 36/2020 recóllese no Título V da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

A preparación para a implementación do PRTR está regulada nos artigos 58 a 77 co detalle por materias recollido no seguinte cadro:

Cadro 2: Título V da Lei 9/2021

ESPECIALIDADES DE XESTIÓN						
ESTRUTURAS DE GOBERNANZA	RECURSOS HUMANOS	XESTIÓN E CONTROL ORZAMENTARIOS	ESPECIALIDADES NA TRAMITACIÓN DE PROCEDIMENTOS	SUBVENCIONS	CONTRATOS	CONVENIOS
Artigos 58 ao 63	Artigos 75 ao 77	Artigo 64	Artigo 65 ao 68	Artigos 70 ao 74	Artigo 68	Artigo 69



O contido destes artigos será abordado nos apartados seguintes como parte da análise das medidas levadas a cabo para a implementación do PRTR no entorno autonómico, que constitúen o ámbito obxectivo deste informe.

Adicionalmente, as leis orzamentarias da Comunidade Autónoma para os exercicios 2021 e 2022 introduciron disposicións relativas á xestión do PRTR co detalle que se recolle no Anexo I.

VIII.2. MARCO DE GOBERNANZA

O Preámbulo do Real decreto lei 36/2020, condiciona a eficacia do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ao establecemento dun marco de gobernanza que garanta a transparencia, a coherencia das actuacións e a súa continuidade no tempo.

No ámbito estatal, a estrutura deseñada para atender a esta necesidade descansa sobre unha Comisión á que corresponde establecer as directrices para o desenvolvemento, execución e seguimento do PRTR (Comisión para a Recuperación, Transformación e Resiliencia) que actuará asistida por un Comité con atribucións de asesoramento técnico (Comité Técnico).

Ademais, para articular a cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas e canalizar a súa participación nos proxectos do PRTR, creouse a Conferencia Sectorial do PRTR que aprobará os criterios de distribución dos fondos ás comunidades autónomas.

O marco descrito refórzase coa configuración da Secretaría Xeral de Fondos Europeos como Autoridade responsable e da IGAE como Autoridade de control do MRR. O PRTR establece tres niveis de control correspondendo o primeiro aos xestores, o segundo a órganos independentes da propia xestión (servizo xurídico, IGAE e outros órganos de control interno) e o terceiro á Autoridade de control, que exercerá un control ex-post mediante auditorías.

Adicionalmente, o Real decreto lei 36/2020 contempla mecanismos de participación pública e prevé a creación polos ministerios de foros de participación e grupos de alto nivel, así como un foro de participación específico con sindicatos e organizacións empresariais.

O adecuado funcionamento destes órganos permitirá garantir a eficiencia do Plan dentro do contexto complexo no que se desenvolve e favorecerá, tanto a participación dos principais axentes económicos, sociais e políticos implicados, como a adecuada coordinación entre os diferentes actores involucrados.


A gobernanza completárase coa formulación dunha planificación estratéxica que defina os obxectivos e metas perseguidos, identifique os recursos necesarios para acadalos e controle o seu progreso. Ademais, deberán quedar garantidas tanto a transparencia como a rendición de contas sobre os avances na execución dos fondos.

Polo que respecta ao ámbito autonómico, as comunidades autónomas van xogar un papel



fundamental como entidades executoras do PRTR asumindo, no ámbito das súas competencias, a execución dos subproxectos das correspondentes reformas e investimentos. Esta responsabilidade levará asociada a transferencia de recursos económicos e o compromiso de cumprimento de fitos e obxectivos. O gráfico seguinte recolle os avances nos investimentos dos fondos asignados ás Comunidades Autónomas a 31 de maio de 2022:

Gráfico 2: Avances nos investimentos dos fondos asignados ás CCAA a 31 de maio de 2022 (Mill €)



Fonte: Gobierno de España. Presentación dos avances na execución do PRTR, Comisión Mixta, 9 de xuño 2022.

Corresponderá a cada comunidade, no exercicio das súas competencias de autoorganización, deseñar o marco de gobernanza que resulte máis adecuado para guiar a implementación do Plan no seu territorio. No epígrafe seguinte descríbese a situación para Galicia.

VIII.2.1. ESTRUCTURAS DE GOBERNANZA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

De acordo co criterio establecido na Resolución da Secretaría Xeral de Fondos Europeos 1/2022, as entidades executoras do PRTR no ámbito das comunidades autónomas serán as consellerías. O seguinte cadro recolle os importes globais asignados a cada entidade executora en Galicia, a 28 de febreiro de 2022. Os datos por subproxectos a esa mesma data detállanse no Anexo II.





Cadro 3: Importes totais asignados ás entidades executoras en Galicia a 28 de febreiro de 2022⁵

Entidade executora	Asignación en €
04 - Presidencia da Xunta de Galicia	79.267.830
05 - Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	121.083.070
06 - Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	134.327.407
08 - Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda	171.747.634
09 - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	96.433.204
10 - Consellería de Cultura, Educación e Universidade	149.440.362
11 - Consellería de Emprego e Igualdade	94.722.199
12 - Consellería de Sanidade	62.982.778
13 - Consellería de Política Social	213.843.897
14 - Consellería do Medio Rural	20.329.848
Total xeral	1.144.178.227

Fonte: Datos proporcionados polos xestores.

Para coordinar as actuacións de todas as consellerías implicadas na execución do PRTR e incorporar as propostas dos axentes económicos, sociais e políticos, a Lei 9/2021 deseñou un marco de gobernanza similar ao previsto para o ámbito estatal. Articúlase en torno a unha Comisión para a planificación e impulso dos proxectos, integrada por representantes de todas as consellerías, e un Comité con atribucións de asistencia e soporte técnico. A denominación, composición e funcións que corresponden a cada un destes órganos regúlanse, respectivamente, nos artigos 60 e 61 da Lei que se reproducen no Anexo III deste informe.

Adicionalmente, a norma autonómica prevé a creación de Grupos técnicos sectoriais que elaboren recomendacións nos ámbitos precisos para a execución dos correspondentes plans e proxectos, foros de participación con entidades empresariais e sindicatos e unha comisión paritaria Xunta de Galicia – Federación Galega de Municipios e Provincias. Tamén contempla a posibilidade de crear un comité de asesoramento externo, integrado por persoas expertas en economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (artigos 62 e 63).

Fóra deste marco deseñado pola lei, pero tamén coa finalidade de favorecer as labores de coordinación e control dos fondos MRR, proxectáronse cambios na estrutura organizativa da Xunta, en concreto na Consellería de Facenda e Administración Pública.

⁵ Neste cadro, as entidades executoras relacionadas preséntanse coa denominación anterior ao Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, para manter a coherencia coa información subministrada pola Xunta de Galicia e incluída no Anexo II. A denominación actual das entidades afectadas, segundo a orde reflectida no cadro é a seguinte: Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; Vicepresidencia 1ª e Consellería de Economía, Industria e Innovación; Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade; e Consellería de Política Social e Xuventude.



O gráfico seguinte reflexa a correspondencia no ámbito autonómico dos tres niveis de control do PRTR descritos na introdución do epígrafe.

Gráfico 3: Niveis de control PRTR.



A continuación analízase o conxunto de actuacións desenvolvidas en aplicación das previsións normativas descritas.

Órganos de gobernanza

A CNGG foi constituída mediante acordo do Consello da Xunta do 8 de outubro de 2020, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021. A ausencia dunha periodicidade mínima para as súas sesións e de actas das efectivamente celebradas, dificulta o acceso á información sobre o seu funcionamento.

De entre as funcións que lle atribúe o artigo 60.4 da Lei, unicamente foi posible constatar a realización da prevista no seu apartado f) *Aprobar os documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público*. A evidencia obtívose a través da remisión ao Consello dos certificados dos seguintes acordos:

- Acordo do 21 de decembro de 2021, de aprobación do Modelo de bases reguladoras con convocatoria e de formularios para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, de subvencións dirixidas, a empresas e persoas traballadoras autónomas, co financiamento dos fondos de recuperación.
- Acordo do 21 de decembro de 2021, polo que se aproba a Guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Acordo do 24 de febreiro de 2022, de aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares de referencia para os procedementos de contratación de obra de edificación e de obra civil da Xunta de Galicia.



Non se aportou documentación adicional que acredite a realización das restantes funcións que a Comisión ten encomendadas⁶ e, polo tanto, non foi posible analizar o grao de impulso, coordinación e seguimento desenvolvido nas actuacións incluídas no PRTR.

Polo que respecta ao *Comité Técnico de Fondos de Recuperación*, non consta a súa constitución no momento de finalización dos traballos de campo desta fiscalización.

En relación coas previsións dos artigos 62 e 63 o Consello da Xunta autorizou, mediante acordo do 25 de febreiro de 2021, a creación de tres grupos de traballo cos seguintes cometidos: seguimento da aplicación da Lei 9/2021, estudo da harmonización en materia de contratación e estudo da simplificación en materia de subvencións. Así mesmo, celebráronse foros de participación con diferentes sectores (empresas tractoras, sector biotecnolóxico, industria forestal, mobilidade sostible) cuxo obxectivo principal, de acordo co documento Estratexia para a transformación de Galicia, foi *presentar ás empresas tractoras de Galicia as liñas estratéxicas da Xunta para identificar os proxectos que se enviarán ao Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia do Goberno Central*.

Modificacións na estrutura orgánica da Xunta

O Decreto 165/2021, do 10 de decembro, polo que se modifica o Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, recolle novidades organizativas asociadas ao PRTR que responden á necesidade de reforzar os mecanismos e procedementos de control no novo contexto.

Como primeira medida, créase a Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC) que, baixo a dirección da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, desenvolverá as funcións de control financeiro e auditoría do sector público autonómico e, especialmente, as funcións de auditoría dos fondos comunitarios que lle correspondan. Esta oficina estará integrada por tres divisións: División de Auditoría Pública e Control Financeiro; División de Auditoría de Fondos Comunitarios e División de Coordinación, Seguimento e Análise.

Ademais, dúas novas subdireccións xerais asumiran funcións relacionadas co PRTR: a Subdirección Xeral de Proxectos Públicos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e a Subdirección de Proxectos Tractores, esta última coa misión de coordinar as actuacións a levar a cabo de cara a configurar unha carteira de proxectos.

Por último, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, divide a anterior Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, integrada na Consellería de Facenda e Administración Pública,

⁶ Recollidas no Anexo III.



en dous órganos directivos: a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro e a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.

VIII.2.2. PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

A normativa básica estatal establece a obriga de elaborar unha planificación estratéxica para as administracións participantes na execución do PRTR. O artigo 3.2.b) do Real decreto lei 36/2020 recolle como principios de boa xestión a planificación estratéxica e a xestión por obxectivos co establecemento de indicadores a tal efecto. Pola súa banda, o artigo 4 desenvolve, entre outras, as seguintes directrices de xestión para os responsables dos proxectos: analizar os obxectivos de xestión que lles competan e os recursos dispoñibles para o seu cumprimento; verificar as inadecuacións de necesidades e dispoñibilidades en materia de recursos e propor solucións para o cumprimento da execución dos proxectos asignados; innovar na busca de solucións para unha xestión sustentable e avaliar as accións desenvolvidas para identificar as desviacións e adoptar correccións.

Tamén a normativa de desenvolvemento, en concreto a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, concede especial relevancia á planificación e xestión de riscos, establecendo no seu artigo 2.7 que *os responsables e xestores das medidas deberán asumir o desenvolvemento das tarefas necesarias para a consecución dos obxectivos, no marco de recursos e costes estimados, a análise sistemática da xestión, sustentada en indicadores operativos que faciliten a identificación dos riscos e a toma de decisións para o adecuado desenvolvemento da actividade.*

Xa no ámbito autonómico, o artigo 4 da Lei 9/2021 establece que as medidas previstas por esta Lei interpretaranse e aplicaranse de acordo cos principios de planificación estratéxica e xestión por obxectivos, co establecemento de indicadores ao efecto.

A continuación analízanse as actuacións desenvolvidas en cumprimento destas previsións diferenciando entre a planificación a nivel xeral, a planificación para a xestión do PRTR e a planificación dos instrumentos de xestión. A planificación relativa aos recursos humanos analízase no apartado VIII.3.2.

Planificación xeral

Galicia conta cunha planificación de carácter xeral recollida no documento *Next Generation Galicia: Estratexia para a transformación de Galicia*, aprobado en sintonía co PRTR e enmarcado dentro dun Plan Estratéxico Rexional. Neste documento identifícanse os eidos prioritarios de investimento na comunidade tendo en conta as peculiaridades do territorio galego. Tal como se establece no propio texto, contempla proxectos que xorden dun proceso de diálogo coa implicación do tecido produtivo galego que ten en conta tanto ás pemes como aos autónomos.



O seu encaixe co PRTR realizouse mediante a definición de cinco cadeas de valor e a identificación, para cada unha delas, dos eixos e compoñentes do Plan cos que se aliña. As cadeas de valor definidas son as seguintes:

- Economía circular e transición enerxética.
- Mobilidade sustentable.
- Hubs de innovación, industria 4.0 e TICS.
- Mar-industria, agroalimentario e crecemento cohesionado.
- Sanidade, modos de vida saudable e nova economía dos coidados.

Todas elas se aliñan cos eixos unha España verde, unha España cohesionada e unha España dixital do PRTR e as dúas últimas fano tamén co eixo unha España sen fenda de xénero.

Debido ao amplo horizonte temporal que abrangue a estratexia, estableceuse a necesidade de articular un sistema de seguimento que permita monitorizar os resultados que se vaian obtendo e, ao mesmo tempo, identificar as necesarias medidas de axuste e corrección cando se detecte que non se están a obter os resultados agardados.

Neste sentido, prevíuse que a estratexia dispuxera dun cadro de indicadores para medir de forma continuada o seu desenvolvemento, cuxa aprobación proxectouse para o prazo de seis meses dende a entrada en vigor do documento. Programouse, ademais, un seguimento semestral sobre este cadro de indicadores e a emisión, en base á análise efectuada, dun informe sobre os principais resultados acadados. Polo que se refire á avaliación, prevíuse a elaboración dun Informe anual de avaliación en cada un dos anos de vixencia da Estratexia. Á data de redacción deste informe non se puxeran en marcha os sistemas de monitorización descritos nin se elaboraran os informes de seguimento que permitan coñecer a evolución das accións desenvolvidas e detectar as desviacións que, no seu caso, se teñan producido.

Planificación para a xestión do PRTR

O artigo 23 do Real decreto lei 36/2020, non básico, impón aos departamentos ministeriais a elaboración dun instrumento de planificación estratéxica para a xestión que conteña, ao respecto dos proxectos xestionados polo departamento, unha estimación dos investimentos e gastos vinculados á absorción de fondos europeos que lles corresponda xestionar tanto ao departamento como aos organismos públicos adscritos a este. Así mesmo, deberá incluír unha descrición dos obxectivos e actuacións que teña encomendadas con referencia ás tarefas e á carga de traballo asociada.

No ámbito autonómico, a Lei 9/2021 non contén ningunha previsión similar a este respecto e non consta que se aprobaran instrumentos de planificación para a xestión do PRTR que identifiquen os subproxectos asignados, as actuacións a realizar ou os medios necesarios para desenvolve-las.



Se ben non supón un incumprimento legal, esta ausencia dificulta a correcta identificación das obrigas asumidas e as actuacións a desenvolver así como o adecuado seguimento dos fitos e obxectivos asignados.

Planificación dos instrumentos de xestión

A Xunta de Galicia non aprobou un Plan Estratéxico de Subvencións nin un Plan Anual de Contratación, polo que os contratos e subvencións necesarios para a execución do PRTR non están incluídos en ningún instrumento deste tipo.

VIII.2.3. TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS

Como xa se sinalou ao inicio deste apartado, o principio de transparencia constitúese como un elemento fundamental para garantir a eficacia do PRTR, así como para unha adecuada rendición de contas sobre a xestión efectuada; o Real decreto lei 36/2020 recólleo entre os seus principios de boa xestión no artigo 3.2 apartado f).

Sen prexuízo das obrigas xerais de transparencia, neste epígrafe analízase se a comunidade conta cunhas pautas claras en relación coa información a subministrar no ámbito do PRTR e, en consecuencia, se existe unha adecuada publicidade dos fondos que promova e facilite o acceso á información relevante por parte dos seus posibles beneficiarios. Valorárase tamén se a dita información se presenta en formatos adecuados que permitan o seu tratamento e análise posterior.

Transparencia

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia non foi modificada para introducir previsións a este respecto, tampouco o desenvolvemento normativo realizado pola nosa comunidade en materia de PRTR contén previsións referidas ao tipo e contido da información a publicar sobre a xestión dos fondos MRR.

De acordo coa información facilitada polos xestores, as liñas a seguir neste aspecto fixéronse pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos ata novembro de 2021 e, desa data en adiante, pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos⁷. Porén, non foi posible valorar o contido destas instrucións, nin verificar o seu cumprimento ao non constar a existencia de ningún acordo, documento ou guía que as recolla.

A continuación descríbense as actuacións efectivamente desenvolvidas dende a Xunta de Galicia para dar publicidade aos fondos procedentes do MRR.

⁷ Trala entrada en vigor do Decreto 73/2022, do 25 de maio, subsúmese na actual Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.



A través da páxina web Next Generation Galicia -<https://www.nextgenerationgalicia.gal/es->dispoñible dende principios do ano 2021, publícase información sobre as convocatorias estatais e autonómicas vinculadas ao Plan. Tamén se incorporan noticias relacionadas cos fondos e información sobre a súa normativa reguladora, incluíndo unha pestana específica para o ámbito local. Nos anuncios facilítanse os enlaces ao boletín oficial correspondente e á BDNS sendo a unidade responsable de publicar estes datos a Subdirección de Proxectos Públicos MRR. O portal ofrece, ademais, un apartado de participación que permite a presentación de dúbidas ou suxestións a través dun formulario de contacto. Apreciáronse debilidades no formato da información publicada, xa que non é susceptible de ser editada de xeito que permita o seu tratamento posterior.

Ademais, trala análise dos contidos da páxina web puxéronse de manifesto determinadas eivas que interfíren coa finalidade para a que foi creada. Neste sentido, un dos principais aspectos a mellorar ten que ver coa ausencia de publicación de datos relativos á xestión desenvolvida pola Comunidade Autónoma en relación cos fondos do PRTR, que impide coñecer o grao de avance na súa execución e no cumprimento dos fitos e obxectivos.

Por último, existen marxes de mellora no que respecta á accesibilidade ao portal e á navegación dentro do mesmo.

Rendición de contas ante o Parlamento de Galicia

Realizáronse comparecencias ante a *Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise do COVID-19* co obxecto de facilitar información sobre o Plan de Reactivación e Dinamización de Galicia e sobre a candidatura galega aos fondos Next Generation.

O vicepresidente económico compareceu o 3 de novembro de 2020, o 15 de decembro de 2020 e o 25 de abril de 2021 mentres que o conselleiro de Facenda e Administración Pública asistiu o 4 de novembro de 2020.

VIII.2.4. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O FOMENTO DA CONCORRENCIA

A necesidade de maximizar o aproveitamento do financiamento recibido no territorio autonómico a través dos fondos MRR requirirá da realización de esforzos adicionais, tanto en materia de difusión como de asesoramento, que permitan incrementar a concorrência neste tipo de axudas.

Aínda que a Lei 9/2021 non recolle previsións específicas a este respecto, dende a administración autonómica puxéronse en marcha diferentes iniciativas que favorecen e promoven a concorrência e que xa foron mencionadas en epígrafes anteriores- transparencia e estruturas de gobernanza- do presente informe.



Entre elas, destaca a centralización de toda a información relativa ao PRTR nunha única web-<https://www.nextgenerationgalicia.gal/convocatorias>. Como se indicou no apartado relativo á transparencia, dende este portal difúndense as convocatorias vinculadas ao plan e ofrécese a posibilidade de que os interesados participen enviando dúbidas ou suxestións. Inclúe unha pestana coa normativa aplicable e outra na que se recollen eventos e noticias de interese; tamén contén unha referencia específica ás entidades locais, que poderán coñecer as súas opcións buscando o distintivo *Eido local*.

Por outra parte, no primeiro trimestre de 2021 desenvolvéronse accións de promoción do diálogo social a través de encontros con axentes de diferentes sectores para analizar as candidaturas Next Generation de Galicia e establecer a prioridade entre elas.

Tamén, por Acordo do Consello da Xunta do 2 de outubro de 2020, creouse unha Unidade de Proxectos Tractores con dependencia orgánica da dirección do Instituto Galego de Promoción Económica e funcional da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. A súa finalidade é a xestión operativa da tramitación administrativa dos proxectos validados pola CNGG co obxecto de acceder ao apoio instrumentado a través do MRR. De acordo coa información facilitada polos xestores, dende esta unidade asesórase aos promotores de proxectos empresariais de todos os sectores produtivos, facilitando apoio económico ou técnico coa finalidade de mellorar a súa competitividade e produtividade.

Adicionalmente, dende o primeiro trimestre de 2022 é accesible o portal Galicia empresa que contén información sobre proxectos de todo tipo de convocatorias, incluídas as financiadas con fondos PRTR-<https://galiciaempresa.xunta.gal/es/portada>.

VIII.3. COBERTURA DE NECESIDADES DE RECURSOS HUMANOS E OUTROS MEDIOS MATERIAIS

O incremento da carga de traballo asociado ao PRTR, a complexidade que entraña a xestión destes fondos e a brevidade dos prazos previstos para a súa execución, fixeron necesarias unha serie de modificacións normativas tendentes a simplificar os procedementos e a favorecer a axilidade na tramitación.

Para adaptarse a estes cambios será clave contar cunha adecuada planificación de recursos humanos que permita identificar as necesidades de persoal xeradas polo novo escenario e os perfís técnicos requiridos, así como a priorización na cobertura destes postos e o establecemento dun sistema de incentivos adecuado. Adicionalmente, precisarase de actuacións formativas dirixidas a que o persoal encargado da tramitación se familiarice coas novidades normativas introducidas.



VIII.3.1. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO

O Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, regula no Capítulo III do Título III as especialidades en materia de planificación estratéxica e xestión dos RRHH. Esta regulación, de acordo co apartado segundo da Disposición derradeira primeira non ten carácter básico e, polo tanto, só será de aplicación obligatoria na Administración xeral do Estado e no sector público institucional estatal.

No ámbito autonómico, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia regula as especialidades referidas á xestión de persoal nos artigos 75 a 77. O contido destes preceptos desenvólvese no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2021, polo que se aproban as actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia (FRR) e outros fondos europeos.

VIII.3.2. PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Previsións normativas

A Lei 9/2021 non prevé o desenvolvemento dun instrumento de planificación estratéxica que incorpore as necesidades en materia de RRHH asociadas ao PRTR. Porén, o Acordo do 8 de abril de 2021, polo que se aproban as actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia, dá resposta aos contidos propios dun instrumento deste tipo, identificando o marco normativo e ámbito de aplicación; a designación dos centros directivos encargados de realizar a análise das cargas de traballo; os procedementos para a reorganización, selección, nomeamento e contratación do persoal; as previsións en materia de formación e o establecemento de incentivos vinculados ao cumprimento de obxectivos.

O documento aborda a reorganización dos recursos humanos tanto de xeito ordinario, a través da asignación de tarefas, traslado de efectivos ou creación de grupos, como de xeito extraordinario a través da posibilidade de creación de unidades específicas destinadas á xestión dos fondos.

Respecto dos incentivos, establece que poderán ser económicos, vía produtividade ou gratificacións extraordinarias, ou de outro tipo, vinculados ao recoñecemento profesional na carreira administrativa do persoal empregado público.

No que se refire ao aspecto formativo, atribúese á Escola Galega de Administración Pública a impartición da formación específica neste ámbito.

Por último, o contido do Acordo complétase, para materias específicas, con instrucións conxuntas das direccións xerais competentes en materia de Función Pública, Simplificación Administrativa e Orzamentos.



Medidas implementadas

A adecuada implementación das medidas previstas na normativa precisa dunha óptima coordinación das necesidades de todas as entidades executoras de fondos. En Galicia non se centralizaron nunha unidade as competencias en materia de recursos humanos destinados ao PRTR. Porén, esta debilidade corrixiuse parcialmente a través da intervención de tres centros directivos da Consellería de Facenda e Administración Pública aos que se lle asignaron funcións específicas para a constitución de grupos de traballo que dean cobertura ás necesidades existentes. Así, corresponderá á Dirección Xeral de Función Pública pronunciarse sobre a viabilidade da súa constitución, á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa sobre a carga de traballo encomendada aos grupos e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos sobre os límites máximos das asignacións orzamentarias en cada centro directivo.

A nivel de entidade executora, só a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería de Política Social e Xuventude acometeron actuacións de planificación propias dun IPE, as demais non desenvolveron instrumentos deste tipo por considerar adecuadas as súas dotacións de efectivos.

VIII.3.3. MEDIDAS DE XESTIÓN DE PERSOAL

Previsións normativas

As especialidades normativas relativas á xestión dos medios persoais asignados á execución de fondos de PRTR refírense tanto á detección das novas necesidades, como á súa cobertura de forma áxil e eficaz.

Polo que se refire á detección, o artigo 75 da Lei 9/2021 prevé que sexan as persoas titulares das secretarías xerais técnicas as que realicen a análise da carga de traballo existente nas diferentes unidades. Respecto da cobertura das necesidades detectadas, a norma establece criterios de centralización na consellería con competencias en materia de persoal, axilidade nos procedementos e aproveitamento prioritario dos recursos humanos de cada entidade executora.

Máis concretamente, as principais medidas contempladas para axilizar e garantir a adecuada cobertura das necesidades de RRHH vinculadas á execución do PRTR poden resumirse como segue:

- Priorización da cobertura das necesidades de persoal.
- Creación de unidades administrativas de carácter provisional para a xestión de proxectos financiados con PRTR e outros fondos europeos. O Acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2021 establece que *deberá xustificarse que os expedientes precisos para executar os correspondentes fondos de recuperación e resiliencia non poden ser asumidos coa asunción de tarefas de xeito parcial por parte do persoal nin por medio da creación de grupos de traballo, por ter a súa tramitación un volume inxente de carga de traballo, unha continuidade temporal e unha duración superior a 1 ano.*



- Asignación temporal de funcións *a tempo parcial*. A través da reasignación temporal de funcións ou tarefas favorécese a cobertura de postos para a execución do PRTR con efectivos das consellerías ou departamentos encargados da xestión dos fondos. A asignación temporal de funcións a tempo parcial pode alcanzar un máximo do 80% da xornada.
- Contratacións temporais. Habilítase a posibilidade de nomear persoal estatutario de carácter temporal, persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal como forma de provisión das unidades específicas de carácter provisional. A medida terá carácter subsidiario e unicamente será aplicable cando as necesidades non poidan ser atendidas cos efectivos existentes.

Medidas implementadas

As comprobacións realizadas neste ámbito puxeron de manifesto que, con carácter xeral, non se efectuou unha análise da carga de traballo existente a nivel de entidade executora nos termos do artigo 75 da Lei 9/2021.

Co obxectivo de analizar o tratamento dado ás solicitudes de asignación de medios persoais, preguntouse aos xestores sobre o número de efectivos solicitados e os asignados finalmente. Se ben a dita información non foi subministrada, dos datos facilitados pode extraerse a cuantificación dos efectivos destinados ao PRTR que, a 28 de febreiro de 2022, ascendía a un total de 352 persoas.⁸

Como xa se sinalou, só na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e na Consellería de Política Social se acometeron actuacións de planificación propias dun IPE. De acordo coa información facilitada, nos demais casos non foi necesario implementar as medidas de xestión de persoal previstas na normativa por considerarse suficientes as dotacións existentes en cada centro directivo. Non obstante, esta afirmación é contraditoria coa manifestación⁹ por parte dos xestores da necesidade de incrementar os medios persoais asignados ás tarefas relacionadas co PRTR e coa súa estimación do nivel de cobertura das necesidades existentes, que sitúan entre un 50% e un 75%.

Nos supostos excepcionais nos que se detectaron necesidades constatouse que o mecanismo máis utilizado para a súa cobertura foi a contratación temporal, principalmente mediante o nomeamento de funcionarios interinos.

VIII.3.4. SISTEMA DE INCENTIVOS

O establecemento dun adecuado sistema de incentivos vinculado ao cumprimento dos obxectivos pode utilizarse como mecanismo para favorecer un incremento da produtividade e recompensar ao persoal polo exceso de carga de traballo derivado da execución dos fondos.

⁸ No trámite de alegacións os xestores actualizaron esta cifra declarando que, a comezos do ano 2023, ascendía a 423 traballadores.

⁹ Información obtida a través das repostas á enquisa sobre RRHH realizada durante os traballos de fiscalización.



Previsións normativas

O Acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2021, regulou a percepción de complementos de produtividade ou gratificacións extraordinarias para o persoal adscrito aos grupos de traballo ou ás unidades de apoio temporal dedicados á xestión do PRTR. Vinculouse a súa concesión ao cumprimento de obxectivos tales como a redución de prazos de elaboración dos documentos, a redución de prazos de resolución dos expedientes, a porcentaxe de execución de fondos ou o grao de cumprimento de indicadores establecidos nos proxectos. O seu importe límitase a un máximo do 20% das retribucións anuais.

Medidas implementadas

No exercicio 2022 unicamente foi posible constatar a autorización de incentivos en dúas entidades executoras.¹⁰

VIII.3.5. FORMACIÓN

Previsións normativas

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2021 establece que serán adoptadas as medidas necesarias para a formación do persoal empregado público naquelas materias de especial relevancia para a xestión pública e o desenvolvemento de tarefas vinculadas á execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o persoal seleccionado nos distintos grupos ou unidades de traballo.

Corresponderá á Escola Galega de Administración Pública, no ámbito das súas competencias e de acordo coas orientacións da Comisión para a Recuperación, Transformación e Resiliencia, impartir formación a medida para a execución do Plan en materias tales como planificación estratéxica, licitación pública, procedementos de subvencións e axudas, xestión financeira ou orzamentaria, convenios ou colaboración público-privada.

A formación vinculada á execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia terá un enfoque de formación en competencias e orientada ao cumprimento de obxectivos e á resolución de problemas.

Medidas implementadas

Para responder aos retos de axilidade e accesibilidade por parte dun número elevado de usuarios, deseñouse unha formación a medida dirixida aos xestores de proxectos MRR. As necesidades formativas detectadas referíronse fundamentalmente ás especialidades de xestión do PRTR; ao uso e manexo da plataforma informática na que se aloxará o sistema de información e seguimento do Plan

¹⁰ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Consellería de Política Social e Xuventude.



(CoFFEE) e aos procedementos xerais de tramitación de subvencións e licitacións, como principais instrumentos de xestión do PRTR. Os plans de formación da EGAP para os exercicios 2021 e 2022 responderon a estas necesidades e ofertaron cursos sobre as materias identificadas cun número de prazas superior ao do persoal asignado á execución dos fondos. O detalle dos cursos impartidos, actualizado a 31 de maio de 2022, recóllese no Anexo IV.

Fóra da oferta dos plans de formación, celebráronse tamén xornadas de carácter práctico dedicadas á xestión de proxectos MRR ás que asistiron 222 persoas.

Por último, ademais da formación impartida pola EGAP, verificouse a participación de 15 persoas da nosa comunidade nos cursos de formación organizados polo Ministerio de Facenda e Función Pública (programa de formación de formadores).

VIII.4. MODELOS DE XESTIÓN

A normativa do PRTR estableceu unha serie de principios específicos de obrigado cumprimento que é necesario incorporar na xestión dos investimentos financiados con fondos do MRR. En concreto, a Orde HFP 1030/2021 establece no seu artigo 2.2 os seguintes:

- a) Concepto de fito e obxectivo, así como os criterios para o seu seguimento e acreditación do resultado.
- b) Etiquetado verde e etiquetado dixital.
- c) Análise de risco en relación con posibles impactos negativos significativos no medioambiente (do no significant harm, DNSH), seguimento e verificación de resultado sobre a avaliación inicial.
- d) Reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do perceptor final dos fondos, sexa como beneficiario das axudas, ou adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.

O cumprimento dos requirimentos destes principios de xestión afectará a todas as entidades implicadas, incluídas as CCAA, e enmárcase dentro do Nivel I do control a desenvolver polas entidades executoras.



Neste sentido, a Orde HFP 1030/2021 deseñou un sistema de avaliación de diversos aspectos críticos recollidos no seu Anexo II ¹¹ que deberá realizarse no momento do inicio da execución do PRTR e, de forma recorrente, alo menos unha vez ao ano. A avaliación concluirá cunha cuantificación do risco que, de non acadar un nivel baixo, precisará da adopción de medidas de mellora.

A Orde estatal non indica expresamente en quen recae a obriga de realizar as autoavaliacións; tampouco fai referencia aos criterios nin á metodoloxía a seguir no proceso de contestación e puntuación das preguntas nas que se basea a análise de risco. Respecto da primeira das cuestións, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos aclarou na súa Resolución 1/2022, do 12 de abril, que a obriga recaerá nas secretarías xerais técnicas.

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma a CNGG aprobou, o 21 de decembro de 2021, a *Guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)* se ben o documento non contén elementos adicionais que amplíen o estándar mínimo previsto na Orde estatal.

A continuación analízase a adaptación realizada pola Comunidade Autónoma aos principios preceptivos facendo especial referencia, en atención á súa transcendencia para a percepción dos fondos, ao seguimento dos fitos e obxectivos.

VIII.4.1. ADAPTACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTIÓN

Cumprimento dos principios de xestión

Coa finalidade de analizar a actividade realizada polas entidades executoras da Comunidade Autónoma en materia de autoavaliación, solicitouse a remisión dos test de autoavaliación e risco- Anexo II da orde estatal e Anexo IV da guía autonómica- cumprimentados por cada unha delas, con indicación da data de elaboración e das unidades intervenientes.

O seguinte cadro reflexa os resultados dos remitidos ao Consello de Contas.

¹¹ O contido deste Anexo reproducése no Anexo IV da Guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do MRR, aprobada pola Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU o 21 de decembro de 2021.



Cadro 4: Test de autoavaliación e risco

ENTIDADE EXECUTORA ¹²	ÁREAS	VALOR ASIGNADO
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	Control de xestión	17,10
	Fitos e obxectivos	34
	Danos medioambientais	9,75
	Conflito de interese, prevención da fraude e a corrupción	11,8
	Compatibilidade réxime de axudas do estado	12
	Evitar dobre financiamento	12
	TOTAL	96,65: Risco baixo
CONSELLERÍA DO MAR ¹³	Control de xestión	17,1
	Fitos e obxectivos	29,75
	Danos medioambientais	10,5
	Conflito de interese, prevención da fraude e a corrupción	11,12
	Compatibilidade réxime de axudas do estado	10,5
	Evitar dobre financiamento	11,25
	TOTAL	90,22: Risco baixo
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	Control de xestión	16,74
	Fitos e obxectivos	29,92
	Danos medioambientais	11,28
	Conflito de interese, prevención da fraude e a corrupción	10,68
	Compatibilidade réxime de axudas do estado	10,56
	Evitar dobre financiamento	11,28
	TOTAL	90,46: Risco baixo
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	Control de xestión	15,3
	Fitos e obxectivos	34
	Danos medioambientais	12
	Conflito de interese, prevención da fraude e a corrupción	11,625
	Compatibilidade réxime de axudas do estado	12
	Evitar dobre financiamento	12
	TOTAL	96,925: Risco baixo

Se ben todos os test remitidos arrojan un risco baixo, detectáronse debilidades no proceso de elaboración que cuestionan os valores asignados.

Non todas as entidades executoras cumprimentaron os test e, ningún dos cuestionarios remitidos foi realizado no momento de entrada en vigor da Orde HFP1030/2021, tal como esta esixía.

Por outra banda, non consta que por parte da Comunidade Autónoma se estableceran instrucións comúns para resolver cuestións tales coma o posto que debe ocupar a persoa que realiza a avaliación ou a gradación das respostas consignadas.

Esta falta de coordinación impide que exista homoxeneidade entre os datos dos test presentados e dificulta a comparación entre as diferentes entidades executoras.

¹² Ademais destas catro consellerías, remitiron test a Dirección Xeral de Xuventude, a Secretaría Xeral de Deportes e a Consellería de Medio Ambiente que non se incorporaron ao cadro por estar sen asinar ou carecer dos datos completos para a valoración.

¹³ O Cadro 3 relaciona o total de entidades executoras en Galicia a 28 de febreiro de 2022. Esta consellería non aparece na relación porque adquiriu a condición de entidade executora con posterioridade a esa data.



Fitos e obxectivos

En atención á súa transcendencia para a percepción dos fondos neste epígrafe analízase de xeito específico o principio relativo ao seguimento dos fitos e obxectivos.

Para cumprir cos requirimentos do MRR e do PRTR é esencial contar cun modelo de xestión orientado a resultados que realice unha definición adecuada dos fitos e obxectivos desagregados en proxectos e subproxectos. Requirirase, ademais, dunha planificación operativa que permita o seguimento e control, así como unha xestión preventiva das desviacións ou riscos de incumprimento.

O Anexo II da Orde estatal contempla a necesidade da valoración específica deste aspecto outorgándolle unha ponderación do 34% sobre o total do risco da entidade executora e valorando a partes iguais os seguintes elementos: disposición de experiencia previa en xestión por obxectivos; aplicación do procedemento para xestionar fitos e obxectivos; recepción de formación para a xestión de fitos e obxectivos e dispoñibilidade de recursos humanos específicos para subministrar información sobre fitos e obxectivos no Sistema de Información de Xestión e Seguimento.

A Orde non ofrece indicacións nin criterios de valoración para o risco no caso de experiencia, formación e recursos humanos. Só no caso da aplicación dos procedementos de xestión o Anexo III.A presentaba un cuestionario detallado de preguntas a nivel de subproxecto. As preguntas céntranse fundamentalmente nas actuacións a realizar no sistema de información e seguimento (CoFFEE-MRR) polo que non eran aplicables no momento da súa cumprimentación por parte das comunidades autónomas.

Estas debilidades non foron suplidas pola existencia dunha coordinación ou dirección común no ámbito autonómico. En consecuencia, nos casos nos que este Anexo foi cuberto non foi posible comparar e interpretar os datos obtidos polas diferentes entidades executoras.

VIII.4.2. INSTRUMENTOS DE XESTIÓN

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece a posibilidade de que se declare a tramitación de urxencia por razóns de interese público e que se decrete o despacho preferente na orde de incoación de expedientes. Como medida para axilizar a tramitación dos fondos, o Real decreto lei 36/2020 establece esta tramitación de urxencia e despacho prioritario para os procedementos administrativos que impliquen execución de gastos con cargo ao PRTR, sen necesidade de motivación do mesmo. Non obstante, a dita previsión, recollida no artigo 48, non ten carácter básico.

Na mesma liña, respecto do procedemento de elaboración de normas no marco da execución do PRTR, o artigo 47- non básico- establece a tramitación de urxencia, *aos efectos e co alcance previsto no artigo 27.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*





En Galicia, a Lei 9/2021 estableceu o procedemento de urxencia e o despacho prioritario para os procedementos administrativos que impliquen execución de gastos con cargo ao PRTR (artigo 66); tamén a tramitación de urxencia na elaboración das normas relativas ao PRTR (artigo 65).

Tendo en conta que os subproxectos encomendados ás entidades executoras levaranse a efecto fundamentalmente a través de convocatorias de subvencións, licitación de contratos e subscrición de convenios é importante que se arbitren mecanismos para garantir que os requirimentos do PRTR se respectan durante todas as fases das correspondentes tramitacións.

A continuación analízanse as especialidades normativas introducidas pola lexislación autonómica para os procedementos de cada un dos instrumentos mencionados, así como as actuacións levadas a cabo para a súa adaptación aos requirimentos do PRTR.

Subvencións

Especialidades normativas

O Real decreto lei 36/2020 dedica o Capítulo V do Título IV ás especialidades en materia de subvencións financiadas con fondos europeos introducindo medidas para a axilizar a tramitación e flexibilizar os requisitos de xustificación. A excepción do apartado 1 dos artigos 60¹⁴, 61¹⁵ e 62¹⁶, de carácter básico, os artigos 60 a 64 resultan aplicables unicamente á Administración xeral do Estado e ao sector público institucional estatal. Porén, algunhas das especialidades que regulan foron reproducidas de xeito similar na Lei 9/2021 co detalle que se recolle no seguinte cadro:

Cadro 5: Especialidades normativas da Lei 9/2021 en materia de subvencións.

TRAMITACIÓN	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS			OUTRAS ESPECIALIDADES
TRAMITACIÓN APROBACIÓN BASES REGULADORAS	UMBRAL CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA	CUMPRIMENTO OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SS	MEMORIAS ECONÓMICAS	AGRUPACIÓN COMO BENEFICIARIOS
Artigo 71	Artigo 73.a)	Artigo 73.b)	Artigo 73.c)	Artigo 74

Como diferenza principal a destacar entre ambas normas, a Lei 9/2021 apártase do criterio estatal ao non permitir a tramitación anticipada sen crédito dispoñible das subvencións financiadas con fondos europeos nos termos do artigo 64 do Real decreto lei 36/2020.

¹⁴ Na concesión de subvencións e axudas ás que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non será exixible a autorización do Consello de Ministros prevista no artigo 10.2 da dita lei.

¹⁵ As bases reguladoras das subvencións financiadas con fondos europeos poderán incorporar a súa convocatoria.

¹⁶ Prevé a posibilidade de tramitación de subvencións de concorrencia non competitiva financiadas con fondos europeos.



Adaptación aos requirimentos do PRTR.

A través da Guía elaborada na Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública para a xestión dos expedientes con financiamento de fondos do MRR incorpóranse adaptacións do procedemento de subvencións aos seguintes principios:

- Cumprimento do réxime de axudas do Estado (apdo1.7). A incorporación deste principio á xestión dos expedientes esixirá o cumprimento dos seguintes aspectos: a análise do réxime de axuda do Estado aplicable, o subministro de información na BDNS e a referencia nas bases reguladoras da subvención, indicando se constitúe ou non axuda do estado e, no seu caso, o réxime aplicable.
- Prevención do dobre financiamento (apdo1.8). A incorporación deste principio á xestión dos expedientes esixirá o cumprimento dos seguintes aspectos: a referencia nas bases reguladoras da subvención ou noutros instrumentos xurídicos e a realización de actuacións destinadas á prevención do dobre financiamento¹⁷.
- Identificación de perceptores finais (apdo1.9). A incorporación deste principio á xestión dos expedientes esixirá a referencia nas bases reguladoras da subvención ou noutros instrumentos xurídicos, a referencia nos procedementos de licitación ou noutros instrumentos xurídicos e o subministro de información¹⁸.
- Información, comunicación e publicidade (apdo1.10). A incorporación á xestión requirirá: recoñecer a orixe dos fondos en todo momento, a referencia nos procedementos de licitación, bases reguladoras ou noutros instrumentos xurídicos, seguir as instrucións da estratexia a nivel de España e informar sobre a publicación de calquera convocatoria ou procedemento.

Así mesmo, no apartado 2.5 da Guía recóllense os requirimentos mínimos a incluír nas bases das convocatorias de subvencións e no seu Anexo III inclúese unha lista de verificación sobre algúns dos principios de xestión do PRTR.

Por outra banda, a CNGG aprobou un modelo de bases reguladoras de subvencións dirixidas a empresas e persoas traballadoras autónomas en réxime de concorrència competitiva e un catálogo de criterios de valoración, cuxa utilización para a xestión de expedientes financiados con todo tipo de fondos foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 13 de xaneiro de 2022. O seu Anexo IV inclúe unha Declaración responsable sobre principios transversais do PRTR dirixido aos beneficiarios da axuda.

¹⁷ Cumprimentación do cuestionario de dobre financiamento e solicitude aos beneficiarios últimos das declaracións de concorrència doutras axudas.

¹⁸ Os órganos xestores deberán achegar trimestralmente a información dos perceptores finais de acordo coa información detallada solicitada nos procedementos de convocatoria de axudas e de contratación.



Ademais das medidas descritas, que corresponden ao ámbito da xestión, a Instrución 1/2022 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao control de expedientes financiados con MRR, refírese na súa cláusula segunda aos informes de legalidade das bases reguladoras da concesión de subvencións. Na dita cláusula establécese que estes informes deberán realizar un pronunciamento expreso sobre se as bases reguladoras reflicten adecuadamente as seguintes cuestións: incorporación da actuación ao PRTR, existencia de medidas que reduzan o risco da fraude, corrupción e conflito de intereses, existencia de medidas para evitar que se produza o dobre financiamento, cumprimento do principio DNSH, contribución adecuada ao tagging verde e dixital e rexistro dos datos dos beneficiarios na base de datos única.

Contratos e Convenios

Especialidades normativas

A normativa autonómica non reproduce as previsións de carácter básico previstas polo Real decreto lei 36/2020 en relación cos contratos financiados polo PRTR. Polo que respecta aos preceptos non básicos, a Lei 9/2021 unicamente contén regulación específica para os encargos a medios propios (artigo 68). Este precepto reproduce o contido dos artigos 55 e 59 da norma estatal se ben, mentres esta exixe de autorización previa por parte do Consello de Ministros por razón de importe, a Lei autonómica esixe autorización do Consello de Goberno cando o encargo supere os 4 millóns de euros.

Por último, a regulación en materia de convenios recóllese no artigo 69 da Lei 9/2021. Este precepto reproduce o contido do artigo 59 do Real decreto lei 36/2020 no que se refire ao prazo de vixencia e circunscribe a autorización do Consello da Xunta a aqueles convenios que impliquen a asunción de obrigas de contido económico por importe superior a 300.000 euros.

Adaptación aos requirimentos do PRTR

No ámbito da contratación administrativa a CNGG aprobou catro pregos de referencia e un catálogo de criterios de adxudicación para contratos de obras, cuxa utilización para a xestión de expedientes de todo tipo de fondos foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 3 de marzo de 2022. O Anexo VIII dos pregos contempla un Modelo de declaración específica para os contratos financiados con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo coa información proporcionada polos xestores, un dos obxectivos que se tivo en conta na súa elaboración foi harmonizar a documentación en materia de contratación, de xeito que os/as licitadores/as poidan acceder a unha documentación homoxénea con independencia do departamento da Xunta de Galicia que tramite o expediente. Por outra parte, perseguíuse incorporar as previsións necesarias para a tramitación de expedientes financiados con fondos MRR con maior seguridade e axilidade na xestión.



Adicionalmente, a Guía para a xestión dos expedientes con financiamento de fondos do MRR inclúe algunhas cuestións específicas a ter en conta nos procedementos de contratación (identificación de perceptores finais; información, comunicación e publicidade...).

VIII.4.3. MECANISMOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E CORRECCIÓN DA FRAUDE¹⁹

En virtude do disposto na Orde 1030/2021, as entidades executoras do PRTR deben dispoñer dun Plan de medidas antifraude que lles permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En Galicia, o Consello da Xunta aprobou, o 10 de decembro de 2021, un Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude que promove a implantación dun marco de integridade institucional e ten vocación de extensión a todas as entidades do sector público autonómico, sexan ou non executoras de fondos MRR. Neste sentido, o plan establece que os mecanismos e medidas que se detallan pódense aplicar na súa meirande parte á totalidade dos recursos e fondos que utilizan o conxunto dos xestores, aínda que se dirixe prioritariamente a atender as actuacións financiadas mediante o PRTR, particularmente polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), para dar así cumprimento ás obrigas derivadas da Orde ministerial HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Ademais, xunto co Plan xeral, aprobouse un modelo de plan específico coa finalidade de servir de guía aos centros directivos/entidades instrumentais na elaboración dos seus propios plans.

Nove das dez entidades executoras²⁰ tiñan aprobados os seus propios plans no primeiro trimestre de 2022 se ben, co obxecto de analizar os aspectos principais en relación cos instrumentos aprobados, efectuouse unha mostra integrada por tres subproxectos cuxo detalle se reflicte no cadro 6. O contido dos apartados seguintes refírese, tanto aos Plans incluídos na mostra como ao Plan xeral da Comunidade Autónoma.

¹⁹ Mecanismos xa analizados no Informe de Avaliación dos Sistemas de Control Interno e Prevención de Riscos da Corrupción na Administración xeral.

²⁰ No caso da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a data de aprobación foi o 29/04/2022.



Cadro 6: Plans de Medidas Antifraude incluídos na mostra seleccionada

PMA XERAL	PMA ESPECÍFICOS APROBADOS A 31/5/2022			
Aprobación	Subproxectos da mostra	Entidade executora	Aprobación	
10/12/2021	Zonas de baixas emisións	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	03/03/2022	En prazo ²¹
	Plan Moves III	Axencia Instituto Enerxético de Galicia-INEGA	30/12/2021	
	Rehabilitación de vivendas	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	29/12/2021	

Proceso de elaboración dos Plans de Medidas Antifraude

A elaboración dos plans específicos realizouse en cada centro directivo partindo do modelo aprobado polo Consello da Xunta que, ademais de reproducir contidos do plan xeral, introduce apartados específicos para as especialidades de cada centro. O perfil das persoas participantes na elaboración responde fundamentalmente a persoal directivo (vicesecretarías e subdireccións xerais), coa colaboración do persoal técnico das áreas de coordinación administrativa e apoio normativo. Só consta unha contratación externa nun centro para a elaboración destes plans.

Como parte do proceso, o plan xeral establece a necesidade de realizar unha avaliación de riscos e fai referencia á guía da Comisión Europea sobre autoavaliación de fraude como metodoloxía a seguir nesta tarefa. Tamén establece un catálogo de riscos e medidas comúns a dúas áreas de actividade (contratación e subvencións) e pon de manifesto a necesidade de avaliación individualizada de riscos que debe realizar cada centro. Porén, a urxencia na aprobación dos plans específicos provocou que, con carácter xeral, esta análise individualizada non se producise e fose substituída por unha remisión xenérica aos riscos e medidas identificados no Plan xeral.

Contido dos Plans de medidas antifraude

Tanto o plan xeral como os plans específicos enmárcanse dentro da infraestrutura ética configurada no *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* estendendo a súa aplicación a toda a xestión da entidade, sen limitarse aos riscos de fraude ou aos fondos MRR.

Por outra banda, a Orde 1030/2021 estableceu un contido mínimo obrigatorio para os plans. No seu artigo 6.4 configura como actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación do risco de fraude, a cumprimentación da DACI e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar os conflitos

²¹ O artigo 6.5 da Orde 1030/2021 dispón que o plan de medidas antifraude deberá ser aprobado nun prazo inferior a 90 días dende a entrada en vigor da presente Orde ou, no seu caso, dende que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.



de interese. Tamén se esixe a estruturación das medidas antifraude de xeito proporcionado en torno aos catro elementos do ciclo da fraude (prevención, detección, persecución e recuperación).

Os plans analizados inclúen eses requirimentos mínimos fixados pola normativa, incorporando un catálogo de bandeiras vermellas, o establecemento dun canal de denuncias, un modelo de DACI e outras medidas ás que alude explicitamente a Orde HFP/1030/2021 como as medidas de corrección e persecución cando existan indicios de fraude. Porén, apreciáronse marxes de mellora no que respecta aos procedementos de xestión dos conflitos de interese e de supervisión das DACI.

Competencias

O plan xeral desenvolve un marco organizativo con distribución de competencias de todos os órganos transversais e a previsión dun órgano de prevención en todas as entidades públicas se ben, con respecto a este último, non se establecen de forma detallada nos propios plans as funcións que lle corresponden.

Ademais, o PMII prevé a creación dunha *Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión* como órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade que non foi posta en marcha á data de redacción do presente informe.

Actuacións de sensibilización, difusión e formación

Como medida de sensibilización destaca a adopción por parte do Consello da Xunta dunha declaración institucional de integridade e compromiso ético, publicada no apartado de integridade institucional do portal de transparencia da Comunidade Autónoma e dispoñible no seguinte enlace: <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/declaracion-institucional-integridade-compromiso-etico-cas.pdf>

A dita declaración foi subscrita, en idénticos termos, polos máximos responsables dos centros directivos/entidades instrumentais que elaboraron plans específicos.

Tocante á difusión e comunicación, non consta que se estableceran mecanismos máis alá da publicación na páxina web e da inclusión dun enlace ao seu contido no manual de acollida a novos funcionarios²²; tampouco se determinou sobre quen recae a responsabilidade desta obriga.

Por último, polo que respecta á formación, ademais dos cursos impartidos sobre o MRR mencionados no apartado de RRHH, realizáronse actuacións formativas específicas en materia de integridade cuxo detalle se recolle no Anexo IV.

²² Parágrafo modificado no trámite de alegacións.



VIII.4.4. XESTIÓN E CONTROL ORZAMENTARIOS

Coa finalidade de establecer mecanismos que faciliten, tanto a absorción dos fondos europeos como o adecuado control do financiamento recibido, o Real decreto lei 36/2020 regula nos artigos 37 a 46 as especialidades en materia de xestión e control orzamentario para a execución dos fondos vinculados ao PRTR. De acordo co establecido no apartado segundo da Disposición derradeira primeira, terán carácter básico as cuestións seguintes: afectación dos gastos (artigo 37.4), tramitación anticipada de expedientes de gasto (artigo 39), execución dos gastos que se deban distribuír territorialmente a favor das CCAA (artigo 44) e seguimento de proxectos financiados a través do PRTR (artigo 46).

Pola súa banda, a normativa autonómica desenvolve algún destes preceptos e incorpora tamén aspectos da regulación estatal non básica co detalle que se describe a continuación.

Xestión orzamentaria

O artigo 37.4 do Real decreto lei 36/2020, que como se sinalou ten carácter básico, establece que nas Comunidades Autónomas *os ingresos por transferencias recibidas da Administración xeral do Estado, procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia e do React-EU, están legalmente afectados a financiar os proxectos ou liñas de acción que se integren no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, co grao de detalle especificado nel. En caso de non se realizar o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos, as citadas entidades deberán reintegrar os fondos recibidos ao Tesouro Público de maneira total ou parcial, en cada caso.*

En Galicia ditáronse instrucións dirixidas a permitir o seguimento dos gastos do PRTR como gastos de financiamento afectado a nivel de subproxecto, desenvolvendo sistemas de codificación e rexistro contable específicos para os fondos MRR²³.

De entre as especialidades reguladas nos artigos 38 a 44 do Real decreto lei 36/2020, para a axilización da xestión orzamentaria dos fondos asociados ao PRTR, a regulación autonómica non incorporou ningunha delas no que se refire a modificacións orzamentarias. Tampouco se reproducen as previsións dos artigos 40 e 41- ámbolos dous de carácter non básico- en relación coa elevación das porcentaxes de pago anticipadas ou os compromisos de gasto plurianual.

Si que foi recollida a posibilidade prevista no artigo 39 da norma estatal de proceder á tramitación anticipada de expedientes de gasto que afecten a exercicios posteriores, chegando ata a fase de formalización do compromiso de gasto para calquera tipo de expediente financiado con fondos

²³ Instrución conxunta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para a tramitación orzamentaria e contabilización das operacións de ingresos e gastos asociadas á execución de proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), de data 02.06.2022.



procedentes do MRR. Esta medida ten carácter básico e polo tanto era directamente aplicable sen necesidade de adoptala na normativa específica. Non obstante, a Lei autonómica introduciu unha consideración adicional engadindo que, no caso de que os citados expedientes se tramiten antes da aprobación do proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, o documento contable de tramitación anticipada será substituído por un informe, que deberá emitir o órgano xestor, no que se faga constar que normalmente vai existir crédito adecuado e suficiente para o gasto que se pretende efectuar.

Por último, polo que respecta aos calendarios de peche de exercicio, a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 30 de novembro de 2021, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2021 e de apertura do exercicio 2022, excepciona os expedientes financiados con fondos MRR das datas límite para pechar 2021.

Control orzamentario

En Galicia non se adoptaron medidas específicas de control orzamentario que axilicen a xestión dos fondos asociados ao PRTR. As actuacións realizadas neste ámbito diríxense ao mantemento do réxime de control existente en función do tipo de gasto e ao establecemento de esixencias de comprobacións adicionais no ámbito dos expedientes financiados polo MRR. Neste sentido, reforzáronse as esixencias do control efectuado por la Intervención Xeral no ámbito da fiscalización previa e nas actuacións dos representantes da intervención nos órganos colexiados de contratación. Tamén se ampliou o contido dos informes de legalidade dos expedientes de bases reguladoras de subvencións a efectos de que conste un pronunciamento expreso relativo ás esixencias de xestión establecidas pola normativa específica do PRTR.

Por último, procedeuse á reordenación da estrutura interna dos órganos de control con equipos e funcións específicas de planificación, programación, coordinación, execución e seguimento das actuacións de control na execución do MRR.²⁴

VIII.4.5. SISTEMAS DE INFORMACIÓN

Como se explicou na introdución do documento, o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) é un instrumento baseado en resultados que desembolsa fondos en función da consecución dos fitos e obxectivos establecidos para as Reformas e Investimentos que integran o PRTR.

O artigo 46.2 do Real decreto lei 36/2020 establece a obriga das entidades do sector público, incluído o autonómico, de remitir información sobre o seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do Plan de Recuperación, Resiliencia e Transformación da UE.

²⁴ Creación da Oficina Galega de Auditoría e Control na que se inclúe unha División de Auditoría de Fondos Comunitarios.



A Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, por la que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia desenvolve este artigo facendo referencia en varios puntos ao sistema CoFFEE-MRR de Información de Xestión e Seguimento do PRTR. Este sistema foi deseñado pola Secretaría Xeral de Fondos Europeos coa finalidade de xestionar o cumprimento dos fitos e obxectivos definidos no PRTR porén, non estaba operativo á data de redacción do presente informe.

O Ministerio non habilitou outro tipo de procedemento nin formato de envío da información e, de acordo coa información facilitada polos xestores, no ámbito da nosa comunidade estase a preparar un sistema de información de alcance autonómico. O sistema non estaba operativo á data de redacción do presente informe xa que depende de que o sistema estatal (CoFFE), co que vai conectar, estea dispoñible.

Podemos concluír, polo tanto, que non se creou o *código único identificativo do proxecto, subproxecto ou liña de acción asignada polo sistema de información de xestión e seguimento* ao que fai referencia a Orde HPF 1031/2021.

A continuación analízanse as actuacións levadas a cabo na nosa comunidade para a adaptación dos seus sistemas de información aos requirimentos do PRTR.

Información sobre seguimento de proxectos

A Orde HFP 1031/2021 detalla no seu artigo 4 a información que as entidades executoras deben recoller nos proxectos, subproxectos ou liñas de acción para o seu seguimento posterior que deberá incluír polo menos: o compoñente a que pertencen; a reforma ou investimento en que se encadran; a entidade decisoria; a entidade executora; o órgano xestor do proxecto ou do subproxecto; o código identificador único do proxecto, subproxecto ou liña de acción asignado polo sistema de información de xestión e seguimento; a fonte ou fontes de financiamento; os fitos ou obxectivos que determinan o cumprimento do proxecto ou liña de acción; os indicadores conforme ao mecanismo de verificación definido no CID, a través dos cales se mide o grao de cumprimento dos fitos ou obxectivos e o modo en que cada un deses indicadores contribúe a un indicador da medida en que se integra; as partidas orzamentarias da entidade executora a través das cales se financia o proxecto, subproxecto ou actuación; unha descrición breve da finalidade que se pretende alcanzar co proxecto, subproxecto ou liña de acción; as datas de inicio e finalización; o custo estimado e calquera outra información relevante do proxecto, subproxecto ou liña de acción.



Estaba prevista a actualización desta información no sistema CoFFEE que, como xa se sinalou, debía proporcionar un código identificativo único que no momento de redacción deste informe non estaba dispoñible.

En todo caso, o propio artigo 4 no seu apartado terceiro establece que as entidades executoras deberán dispoñer dos sistemas de control interno que garantan a validez e fiabilidade dos datos facilitados e a súa trazabilidade. Ao non terse implantado o sistema CoFFEE a situación resolveuse a nivel autonómico mediante a elaboración de follas de cálculo cuxo contido se compila a través dun cadro de mando xeral coa información de todas as entidades executoras da Comunidade Autónoma. Os campos do dito cadro gardan similitude cos esixidos polo artigo 4 da Orde HFP 1031/2021 e no caso de Galicia inclúen a seguinte información: compoñente do PRTR, entidade decisoria, órgano xestor, entidade executora, denominación do subproxecto e coste estimado.

Información de seguimento contable

Como xa se indicou, o sistema de información de xestión do PRTR require dispoñer dunha codificación única a seguir por todas as comunidades autónomas. Á espera de que sexa desenvolvida, o seguimento contable dos gastos financiados co PRTR realizouse a través do sistema de gastos con financiamento afectado, nos termos indicados no apartado VIII.4.4 do informe.

De acordo coa información proporcionada polos xestores, os mecanismos adoptados para poder identificar nos respectivos sistemas de información aqueles contratos, subvencións e demais instrumentos xurídicos que son financiados con fondos asociados á execución do PRTR, incorporados no sistema contable de la Xunta de Galicia son os seguintes:

- Check asociado ao código do proxecto que indica o seu financiamento con fondos procedentes do PRTR.
- Codificación específica para a modalidade de financiamento: 4620_Mecanismo de recuperación e resiliencia; 4621_Mecanismo de recuperación e resiliencia incorporado.

Identificación na BDNS e na PCSP

O artigo 46.2 do Real decreto lei 36/2020 establece que as entidades do sector público estatal, autonómico e local establecerán os procedementos para garantir que consta na Base de datos nacional de subvencións e axudas públicas ou na Plataforma de contratación do sector público, respectivamente, a identificación do proxecto ou iniciativa a que corresponde a convocatoria ou contrato a que se refire o punto anterior, para as convocatorias ou contratos que se aproben a partir de 2021.

Coa documentación rendida non foi posible obter evidencia da implementación destes procedementos.



ANEXOS





ANEXO I: REFERENCIAS AO PRTR NAS LEIS ORZAMENTARIAS

OUTRAS NORMAS		
IDENTIFICACIÓN NORMA	CONTIDO	
DENOMINACIÓN	ARTIGO	DESENVOLVEMENTO
Lei 17/2021, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022	Art.5 Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias	Sen menoscabo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, atribúense á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias: m) Para xerar crédito, por solicitude motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión ou, no seu caso, das autoridades de xestión dos programas operativos, ao obxecto de garantir a completa execución do Marco financeiro de fondos comunitarios 2014-2020 e dos fondos do mecanismo extraordinario do instrumento Next Generation EU (Próxima xeración UE).
	Art.48 Xestión dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia	No marco da xestión dos fondos provenientes do mecanismo de recuperación e resiliencia, Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro, cando a entidade executora do expediente financiado co mecanismo non coincida co órgano xestor, segundo a terminoloxía das ordes HFP/1031/2021 e HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a asignación de recursos para executar os expedientes de gasto deberá articularse mediante acordo interno no que se concreten: a) o código identificador único do subproxecto ou liña de acción asignado polo sistema de información de xestión e seguimento b) a fonte ou fontes de financiamento c) os fitos e obxectivos d) os indicadores e) as partidas orzamentarias da entidade executora a través das cales se financia o subproxecto ou actuación f) unha descrición breve da finalidade que se pretende conseguir g) as datas de inicio e finalización h) o custo estimado i) outra información relevante
	Disposición adicional décimo quinta: Habilitación para efectuar modificacións orzamentarias	Autorízase á Consellería de Facenda e Administración Pública para: 1) Efectuar as modificacións precisas para adaptar as partidas orzamentarias financiadas cos fondos REACT-EU (axuda á recuperación para a cohesión e os territorios da Unión Europea) máis co MRR (mecanismo de recuperación e resiliencia) á natureza das actuacións de gasto que finalmente se contemplan nos proxectos do programa operativo ou en conferencia sectorial. 2) Xerar crédito en base aos importes efectivamente asignados á Administración autonómica, financiados polos novos fondos contemplados no instrumento Next Generation EU (Próxima xeración UE), xestionados pola Administración xeral do Estado ou directamente pola Comisión Europea.



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

OUTRAS NORMAS		
IDENTIFICACIÓN NORMA	CONTIDO	
DENOMINACIÓN	ARTIGO	DESENVOLVEMENTO
Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas	Artigo 11. Modificación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia	A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, queda modificada como segue: Un. Modifícase a letra b) do artigo 35, que queda redactada como segue: «b) Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico, a realización da información pública e as consultas, desde a notificación ao promotor do documento de alcance, non resultará aplicable o prazo previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, podendo remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica sempre que non transcorresen máis de catro anos desde a notificación ao promotor do documento de alcance ou o prazo que se poida establecer por lei para determinados plans ou programas. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga do devandito prazo, que non exceda da metade do mesmo, previa solicitude formulada polo promotor. Este prazo non será de aplicación na tramitación de instrumentos de planeamento urbanístico. Neste caso, poderá remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica sempre que se realizaron os trámites anteriores en tempo e forma conforme ao disposto na lexislación sectorial aplicable». Dous. Modifícase o número 2 da disposición transitoria cuarta, que queda redactado como segue: «2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación na data de entrada en vigor desta lei, ao amparo da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, aplicarase o prazo establecido no artigo 35.1.b) para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, desde a notificación ao promotor do documento de alcance».
Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021	Art.5 Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias	Sen menoscabo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, atribúense á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias: m) Para xerar crédito, por solicitude motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión ou, no seu caso, das autoridades de xestión dos programas operativos, ao obxecto de garantir a completa execución do Marco financeiro de fondos comunitarios 2014-2020 e dos fondos do mecanismo extraordinario do instrumento Next Generation EU (Próxima xeración UE).
	Disposición adicional décimo sexta: Habilitación para efectuar modificacións orzamentarias	Autorízase á Consellería de Facenda e Administración Pública para: 1) Efectuar as modificacións precisas para adaptar as partidas orzamentarias financiadas con fondos REACT-EU á natureza das actuacións de gasto que finalmente se contemplen nos proxectos do programa operativo. 2) Xerar crédito en base aos importes efectivamente asignados á Administración autonómica, financiados polos novos fondos contemplados no instrumento Next Generation EU (Próxima Xeración UE), xestionados pola Administración xeral do Estado ou directamente pola Comisión Europea.



ANEXO II: ENTIDADES EXECUTORAS E SUBPROXECTOS A 28-02-2022

Código	Entidade decisoria	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
		04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	79.267.830
		0 - SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	0 - SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	0 - SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	2.748.728
C26.I2	M. de Cultura y Deporte	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	Fomento do Deporte - Plan de Transición Ecolóxica de Instalacións Deportivas	2.748.728
		203205 - AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	203205 - AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	203205 - AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	76.519.102
C15.I2	M. de Asuntos económicos y Transformación Digital	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Accións de reforzo de conectividade en centros de referencia e servizos públicos	8.610.000
C15.I2	M. de Asuntos económicos y Transformación Digital	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Accións para a Sociedade do Gigabit e apoio a proxectos tractores de dixitalización sectorial (solo o referente a Polígonos)	4.808.666
C15.I4	M. de Asuntos económicos y Transformación Digital	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Adaptación de Infraestruturas para telecomunicacións en edificios	4.277.951
C15.I3	M. de Asuntos económicos y Transformación Digital	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Bonos dixitais para colectivos Vulnerables	1.378.493
C19.I1	M. de Asuntos económicos y Transformación Digital	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Capacitación dixital da cidadanía	9.615.994
C11.I3	M. de Política Territorial y Función Pública	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	P4. Programa de mellora das capacidades e infraestruturas dixitais das AAPP	32.945.127
C11.I2	M. de Justicia	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Proxecto 0 Xustiza 2031	1.521.993
C11.I2	M. de Justicia	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AX. MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Proxecto de Ciberseguridade.	13.360.878
		05 - VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	05 - VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	05 - VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	121.083.070
		203510 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	203105 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	203105 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	121.083.070
C14.I1	M. de Industria, Comercio y Turismo	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	Plan Nacional de Sostibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021	8.390.000
C14.I4	M. de Industria, Comercio y Turismo	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22: rehabilitación de BICs	22.700.000
C14.I1	M. de Industria, Comercio y Turismo	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	Plans de sostibilidade turística	82.180.000
C14.I4	M. de Industria, Comercio y Turismo	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	Proxectos de eficiencia enerxética e economía circular en empresas turísticas (FOCIT)	7.813.070
		06 - VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	06 - VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	06 - VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	134.327.407
		203206 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	203047 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	203047 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	24.549.960
C17.I7	M. Ciencia e Innovación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	Biodiversidade	12.339.056
C17.I1	M. Ciencia e Innovación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INTECMAR	Ciencias mariñas	6.000.000
C17.I1	M. Ciencia e Innovación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	Comunicación cuántica	6.210.904



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Código	Entidade decisoría	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
		203206 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	203048 - INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	203048 - INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	103.154.902
C07.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Despregamento e integración das enerxías renovables (biogás)	3.450.000
C07.11	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Programa de incentivos 1,2 e 4	26.247.295
C08.11	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Programa de incentivos 3 e 5	6.059.500
C07.11	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Programas de incentivos 6	5.681.671
C07.11	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Programas de incentivos para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en diferentes sectores da economía (RD 1124/2021)	8.778.958
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Gastos de xestión (persoal) Moves III e Autoconsumo (RD 477/2021)	1.647.295
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Gastos de xestión Moves III e Autoconsumo (RD 477/2021)	97.000
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Programa de apoio á adquisición de vehículos eléctricos	18.356.359
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	6.849.824
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	1.342.800
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	46.700
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	210.000
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	193.000
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	5.200
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	173.000
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MAR	Programa de apoio ao despregamento de infraestrutura de recarga	252.800
C02.13	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de rehabilitación enerxética de edificios (PREE)	17.571.000
C02.14	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	Plan de Rehabilitación de Vivenda e Rexeneración Urbana (DUS 5000)	5.692.500
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	Subvencións e paradas bus (Moves II)	500.000
C01.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. ENERXÉTICO DE GALICIA	Subvencións e paradas bus (Moves II)	5.223.324





Código	Entidade decisoria	Órgano xestor	Entidade executora	Subproyecto	Asignación en €
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	203082 - D.X. PLANIFIC. ENERX. E REC. NATURAIS	203082 - D.X. PLANIFIC. ENERX. E REC. NATURAIS	982.545
C04.I2	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	D.X. PLANIFIC. ENERX. E REC. NATURAIS	Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade-corrección de tendidos en función especies avifauna ameazadas	982.545
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	203127 - INST. GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	203127 - INST. GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	5.640.000
C13.I4	<i>M. de Industria, Comercio y Turismo</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	INST. GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	Programa de modernización do comercio: Fondo Tecnolóxico	5.640.000
		08 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	08 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	171.747.634
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	203081 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	203081 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	27.331.200
C02.I5	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP)	3.769.353
C02.I5	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP)	3.000.000
C02.I5	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP)	561.847
C02.I5	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP)	20.000.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	203153 - D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	203153 - D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	22.526.734
C12.I3	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	Línea 1 implantación recoxidas separadas, especialmente biorresiduos, e mellora das existentes	2.213.583
C12.I3	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	Línea 2 construción de instalacións específicas para o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente	13.663.234
C12.I3	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	Línea 3 construción de novas instalacións de preparación para a reutilización e reciclado de outros fluxos de residuos recollidos separadamente	2.886.304
C12.I3	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	Línea 4 inversións relativas a instalacións de recollida (puntos limpos) triaxe e clasificación mellora das plantas de tratamento mecánico biolóxico existentes para a preparación de CSR	3.500.000
C12.I3	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. CALID. AMB. SOSTIB. E CAMB. CLIM.	Gastos de xestión	263.613
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	203156 - D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	203156 - D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	21.593.750
C04.I2	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Actuacións de execución directa por comunidades autónomas en parques nacionais	2.812.000
C04.I2	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Actuacións en áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais	1.660.000
C04.I2	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Financiamento de actuacións en reservas da biosfera	6.438.345
C04.I2	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Mil Ríos Galicia: recuperación, restauración e resiliencia de humidades e ríos de Galicia (DX Patrimonio Natural)	5.000.000



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Código	Entidade decisoría	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
C04.13	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Parques Naturais de Galicia: Conservación da biodiversidade e o patrimonio natural na Rede de Parques Naturais de Galicia (DX Patrimonio Natural)	2.000.000
C04.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	PN Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Recuperación de hábitats e especies de interese comunitario (DX Patrimonio Natural)	500.000
C04.13	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Proxecto de Recuperación do Río EO (Proxecto común co Principado de Asturias). Continuación do LIFE FLUVIAL finalizado. (DX Patrimonio Natural)	500.000
C04.12	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	D.X. DE PATRIMONIO NATURAL	Rede Natura 2000 Galicia: Conservación da biodiversidade de ecosistemas e hábitats e mellora de infraestruturas de xestión, difusión e uso público (DX Patrimonio Natural)	2.683.405
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	203650 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	203650 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	100.295.950
C02.14	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Plan de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana - PREE 5000	3.795.000
C02.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de apoio ás oficinas de rehabilitación	4.709.316
C02.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación	3.363.798
C02.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas	13.455.190
C02.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio	22.873.823
C02.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio	22.873.823
C02.12	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Programa de construción de vivendas en aluguer social en edificios enerxeticamente eficientes	29.225.000
		09 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	09 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	96.433.204
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	203603 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	203603 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	15.919.769
C01.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	Sendas peatonais e ciclistas en entornos metropolitanos de Galicia	15.919.769
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	203604 - DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	203604 - DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	71.189.008
C01.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	Plataformas reservadas para o transporte público nos accesos ás cidades de Galicia	3.521.341
C01.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	Aparcamentos disuasorios en Galicia	3.939.420
C01.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	Estacións intermodais	7.927.713
C01.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	Dixitalización do sistema de transporte público de Galicia	35.863.332
C01.11	<i>M. de Transportes, movilidad y agenda urbana</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	DIRECCIÓN X. DE MOBILIDADE	Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia	19.937.202





Código	Entidade decisoria	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	203656 - AUGAS DE GALICIA	203656 - AUGAS DE GALICIA	9.324.427
C05.11	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	AUGAS DE GALICIA	Do plan de saneamento e depuración para aglomeracións menores de 5.000 habitantes equivalentes	2.524.900
C05.11	<i>M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	AUGAS DE GALICIA	Plan para a "mellora do abastecemento e redución de perdas en redes de pequenos e medianos municipios"	6.799.527
		10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	149.440.362
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	203071 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	203071 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	58.846.850
C19.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	AX.MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	Equipamento portátil brecha dixital	20.500.000
C19.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	Programa para a dixitalización do sistema educativo: aulas dixitais	38.346.850
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	203103 - DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	203103 - DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	3.605.771
C24.12	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	Actuación sobre patrimonio das CCAA, CCLL e privados	3.247.054
C24.11	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	Apoio a aceleradoras culturais	358.717
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	203301 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	203301 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	5.058.701
C24.11	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	Apoio a aceleradoras culturais	527.603
C25.11	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	Axudas a salas de cine	843.698
C24.12	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	Axudas oferta cultural áreas non urbanas	1.257.290
C24.13	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	Descrición e dixitalización fondos documentais	340.000
C24.12	<i>M. de Cultura y Deporte</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	Modernización infraestruturas AAEE e Música	2.090.111
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	203704 - D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	203704 - D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	63.157.561
C20.13	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	Creación de ciclos formativos de GM e GS en bilingües.	6.075.000
C20.11	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	Avaliación e Acreditación de competencias profesionais.	8.232.120
C21.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	Programa de cooperación territorial para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (programa PROA+)	16.669.960
C21.13	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	Programa de unidades de acompañamento e orientación, persoal e familiar do alumnado educativamente vulnerable, nos servizos educativos ou psicopedagóxicos situados en zonas/sectores escolares, e centros rurais agrupados	6.369.031
C19.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	Programa para a dixitalización do sistema educativo: aulas dixitais	18.067.700
C20.13	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	Redimensionamento da FP: Ampliación 200.000 prazas FP.	7.743.750
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	203704 - S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	203704 - S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	17.951.339
C20.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Aulas de emprendemento en Formación Profesional.	300.000
C20.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Conversión de aulas de emprendemento	155.000
C20.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Conversión de aulas en espazos de tecnoloxía aplicada.	772.776
C20.12	<i>M. de Educación y Formación Profesional</i>	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Conversión de aulas en espazos de tecnoloxía aplicada	729.431



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Código	Entidade decisoria	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
C20.11	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Avaliación e Acreditación de competencias profesionais.	7.214.011
C20.12	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Formación dixitalización e sostibilidade aplicada aos sectores produtivos	160.530
C20.12	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Formación en dixitalización e sostibilidade aplicada aos sectores produtivos para docentes de FP de centros sostidos con fondos públicos.	155.545
C21.12	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Programa de cooperación territorial para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (programa PROA+)	462.118
C19.12	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Programa para a dixitalización do sistema educativo: aulas dixitais	1.137.511
C20.13	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	S. X. EDUCACIÓN E FORM. PROFESIONAL	Redimensionamento da oferta de Formación Profesional	6.864.418
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	203991 - SECRETARÍA XERAL DE CULTURA	203991 - SECRETARÍA XERAL DE CULTURA	820.139
C24.13	M. de Cultura y Deporte	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	SECRETARÍA XERAL DE CULTURA	Dixitalización e documentación bens culturais	103.528
C24.12	M. de Cultura y Deporte	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	SECRETARÍA XERAL DE CULTURA	Dotación de Bibliotecas	716.612
		11 - CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	11 - CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	11 - CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	94.722.199
		SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	203143 - D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	203143 - D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	34.980.607
C20.11	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Formación modular destinada ao reskilling e upskilling de ocupados e desempregados.	4.386.525
C23.15	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Gobernanza do impulso ao plan nacional de pae. formación permanente do sistema nacional de emprego	432.261
C23.12	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Inversión-paes (vi): emprego muller. apoio mulleres nos ámbitos rural e urbano	2.814.688
C23.15	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Investimento-paes (x): orientación e emprendemento. actividades da rede de centros de orientación e emprendemento. acompañamento e innovación para o emprego	2.100.000
C23.15	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Investimento-paes (x): orientación e emprendemento. creación da rede de centros de orientación e emprendemento. acompañamento e innovación para o emprego	2.090.000
C23.13	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Investimento-paes (xv): adquisición de novas competencias para a transformación dixital e produtiva. detección de necesidades formativas	83.664
C19.13	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Mellora das capacidades dixitais para as persoas desempregadas para impulsar o emprendemento e o desenvolvemento rural e reducir a brecha de xénero	10.434.937
C23.14	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	Servizos e programas para investimento-paes (xvi): novos proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade. colectivos especialmente vulnerables	12.638.532
		SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	203164 - D.X. EMPREGO, TRAB. AUTÓNOM E ECON. SOC	203164 - D.X. EMPREGO, TRAB. AUTÓNOM E ECON. SOC	52.253.564
C23.11	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. EMPREGO, TRAB. AUTÓNOM E ECON. SOC	Investimento-paes (iii): emprego xoven. programa de investigación	15.904.863
C23.12	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. EMPREGO, TRAB. AUTÓNOM E ECON. SOC	Investimento-paes (viii): emprego muller. accións para favorecer a transversalidade de xénero en todas as políticas activas de emprego	176.471





Código	Entidade decisoria	Órgano xestor	Entidade executora	Subproyecto	Asignación en €
C23.11	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. EMPREGO, TRAB. AUTÓNOM E ECON. SOC	Servizos e programas para investimento-paes (ii): emprego xoven. primeiras experiencias profesionais nas administracións públicas	13.522.373
C23.14	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	D.X. EMPREGO, TRAB. AUTÓNOM E ECON. SOC	Servizos e programas para investimento-paes (xvii): novos proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade emprendemento e microempresas	22.649.857
		SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	203166 - DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS LABORAIS	203166 - DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS LABORAIS	2.211.743
C23.14	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS LABORAIS	Servizos e programas para investimento-paes (xvi): novos proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade. colectivos especialmente vulnerables	2.211.743
		SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	203888 - SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE	203888 - SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE	5.276.284
C22.14	M. de Igualdad	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE	Creación de centros de atención integral 24 horas a vítimas de violencia sexual	4.713.136
C23.12	M. de Trabajo y Economía social (SEPE)	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E IGUALDADE	SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE	Investimento-paes (vii): emprego muller. programas de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación	563.148
		12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	62.982.778
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	SERGAS	SERGAS	61.289.892
C18.11	M. de Sanidad	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	SERGAS	Plan INVEAT	61.289.892
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	203116 - A.G. XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	203116 - A.G. XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	566.490
C18.14	M. de Sanidad	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	A.G. XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	Formación de profesionais sanitarios no ámbito dos plans de formación continuada	166.510
C16.11	M. de Asuntos económicos y Transformación Digital	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	A.G. XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	Programa Misións de I+D en Intelixencia Artificial 2021	399.980
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	203132 - DIRECCIÓN X. DE SAÚDE PÚBLICA	203132 - DIRECCIÓN X. DE SAÚDE PÚBLICA	1.126.396
C18.12	M. de Sanidad	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	DIRECCIÓN X. DE SAÚDE PÚBLICA	Cribado poboacional de cancro colorrectal e de cuello de útero en persoas de 50 a 69 anos	231.893
C18.13	M. de Sanidad	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE SANIDADE	DIRECCIÓN X. DE SAÚDE PÚBLICA	Sistema de información da Rede de Vixilancia en Saúde Pública	894.503
		13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	213.843.897
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	203161 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	203161 - SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	162.132.135
C22.11	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Construción residencia persoas maiores novo modelo asistencial	10.000.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Equipamento centros coidados longa duración	13.200.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Dixitalización centros coidados longa duración	1.400.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Remodelación rede de centros de coidados de longa duración	29.460.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Remodelación centro atención a persoas con discapacidade soto de leixa de Ferrol	3.000.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	DIRECCIÓN X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	Mrr.rehabilitación e dotación do equip básico de vivendas en toda Galicia. metodoloxías housing-first e housing-led	8.300.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Plan choque economía dos coidados. casas do maior	2.200.000



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Código	Entidade decisoría	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Mrr. adaptación equipamentos de atención persoas maiores ou con discapacidade	528.999
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Creación, remodelación e adaptación de equipamentos de atención a persoas maiores ou con discapacidade	13.000.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	CONS. GALEGO SERV. IGUALDADE E BENESTAR	Mrr investimentos equipamentos concello	4.890.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	AX.MODERNIZACIÓNTECNOLÓXICA DE GALICIA	Mrr benestar dixital infraestruturas residencias	4.719.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Plan integral de dotación de recursos de teleasistencia avanzada e vivendas conectadas	14.600.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	AX.MODERNIZACIÓNTECNOLÓXICA DE GALICIA	Mrr benestar dixital teleasistencia e vivendas conectadas	3.294.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D. X. ATENCIÓN INTEGRAL SOCIOANITARIA	Despregamento dos equipos de valoración por todo o territorio de Galicia	2.050.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	AX.MODERNIZACIÓNTECNOLÓXICA DE GALICIA	Mrr benestar dixital equipos de valoración	0
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	DIRECCIÓN X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	Modernización tecnolóxica dos servizos sociais mediante o impulso da dixitalización	2.000.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	AX.MODERNIZACIÓNTECNOLÓXICA DE GALICIA	Mrr benestar dixital modernización servizos sociais	1.007.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	DIRECCIÓN X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	Promoción do acceso efectivo aos medios electrónicos das familias en situación de vulnerabilidade social	600.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Proxecto de innovación dos servizos sociais para atender o programa de coidados porta a porta	9.600.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Proxecto de innovación dos servizos sociais para atender o programa do teléfono contra a soidade non desexada	600.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D. X. ATENCIÓN INTEGRAL SOCIOANITARIA	Creación de centro de coidados intermedios	7.600.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D. X. ATENCIÓN INTEGRAL SOCIOANITARIA	Desenvolvemento nos centros residenciais dun programa de rehabilitación física baseado en realidade virtual	1.800.000
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIP. E VOLUNTAR.	Proxectos de innovación de servizos sociais. proxecto piloto de talento interxeracional	2.100.000
C22.11	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Mrr. proxecto piloto talento interxeracional	0
C22.11	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	AX.MODERNIZACIÓNTECNOLÓXICA DE GALICIA	Mrr benestar dixital innovación servizos sociais	1.620.000
C22.11	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Mrr. modernización e humanización puntos de encontro familiar	900.000
C22.12	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Remodelación infraestruturas residencias no ámbito de protección, atención e acollemento da infancia	7.300.000
C22.13	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Equipamento da rede de centros de protección, atención e acollemento da infancia	1.900.000
C22.13	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	Dixitalización centros de protección, atención e acollemento da infancia	1.400.000
C22.13	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. FAM., INFANCIA E DINAM. DEMOGRÁF.	Mrr. modern, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia	5.440.000
C22.13	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE	Mrrvx. recurso especializado para a prevención e atenc. integral e interdisciplinar no marco das violencias sexuais	4.713.136
C23.17	M. de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	AX.MODERNIZACIÓNTECNOLÓXICA DE GALICIA	Mrr benestar dixital servizos infancia	360.000





Código	Entidade decisoria	Órgano xestor	Entidade executora	Subproxecto	Asignación en €
C22.I3	M. de Derechos Sociales y Agenda 2030	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	Programa administración máis accesible para persoas con discapacidade	500.000
C21.I1	M. de Educación y Formación Profesional	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE POLÍTICA SOCIAL	D.X. MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDE	plan de mellora da accesibilidade nos concellos de Galicia	2.050.000
		14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	20.329.848
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	203118 - D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	203118 - D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	8.312.892
C03.I3	M. de Agricultura, Pesca y Alimentación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	Centros de Limpeza e Desinfección	410.578
C03.I4	M. de Agricultura, Pesca y Alimentación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	Programa de apoio á transformación integral e modernización de invernadoiros	136.468
C03.I4	M. de Agricultura, Pesca y Alimentación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	Programa de apoio aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables (biogás e biomasa agrícola) en explotacións agropecuarias	724.673
C03.I4	M. de Agricultura, Pesca y Alimentación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	Programa de apoio aos investimentos en sistemas de xestión de subprodutos e defeccións en gandería	4.679.312
C03.I4	M. de Agricultura, Pesca y Alimentación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	Programa de apoio para a aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro	1.871.536
C03.I3	M. de Agricultura, Pesca y Alimentación	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. GANDARÍA, AGRIC. E INDUST. AGROA.	Viveiros	490.325
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	203120 - D. X. DE DEFENSA DO MONTE	203120 - D. X. DE DEFENSA DO MONTE	3.516.710
C04.I4	M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D. X. DE DEFENSA DO MONTE	Renovación de 16 unidades do parque de vehículos autobombas empregados polos distintos dispositivos de extinción de incendios forestais, axentes medioambientais, axentes forestais e persoal técnico dos Distritos Forestais de Galicia. (DX Defensa do Monte)	3.516.710
		SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	203120 - D.X. PLANIFICAC. E ORDENAC. FORESTAL	203120 - D.X. PLANIFICAC. E ORDENAC. FORESTAL	8.500.246
C04.I4	M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. PLANIFICAC. E ORDENAC. FORESTAL	Fomento de boa gobernanza en montes de propiedade colectiva (DX Planificación e Ordenación Forestal)	4.913.498
C04.I3	M. para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DO MEDIO RURAL	D.X. PLANIFICAC. E ORDENAC. FORESTAL	Fomento de novas plantacións e restauración de bosques abandonados de castaño (DX Planificación e Ordenación Forestal)	3.586.748
TOTAL XERAL					1.144.178.227



ANEXO III: DENOMINACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNANZA. (ARTIGOS 60 E 61 DA LEI 9/2021)

DENOMINACIÓN	COMPOSICIÓN	FUNCIÓNS
Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU	Vicepresidencia Primeira Vicepresidencia Segunda Consellería de Facenda e Administración Pública Consellerías ou centros directivos que determine mediante acordo o Consello da Xunta de Galicia Presidencia: titular da Presidencia da Xunta de Galicia Vicepresidencia: titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación Secretaría: titular da dirección xeral de planificación e orzamentos	Propoñer a aprobación dos plans que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de recuperación, transformación e resiliencia Emitir informe sobre a declaración de proxectos tractores para a economía galega que sexan susceptibles de ser propostos pola Comunidade Autónoma para o financiamento europeo ou estatal Analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento Next Generation EU Aprobar as directrices básicas de execución das políticas públicas autonómicas financiadas con proxectos financiados polos instrumentos previstos (de recuperación) Levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas Aprobar os documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público Calquera outra función que lle atribúa o Consello da Xunta de Galicia no marco das competencias da Comisión
Comité Técnico de Fondos de Recuperación	Titular da dirección xeral competente en materia de orzamentos, que o preside Titular da dirección xeral competente en materia de fondos europeos Titulares das secretarías xerais técnicas de todas as consellerías As persoas que determine a Comisión de entre as que teñan a condición de alto cargo Unha persoa en representación da unidade de proxectos tractores do Igape Secretaría: funcionario con nivel de subdirección xeral ou equivalente que designe a presidencia do Comité	Como órgano de apoio técnico á Comisión, correspóndelle a realización de propostas, informes e análises e elevar propostas de instrucións e recomendacións nas materias que teñan conexión coas funcións da Comisión ou que lle sexan encomendadas por ela.



ANEXO IV: CURSOS DE FORMACIÓN

Cursos Impartidos MRR

Nome do Curso	Entidade organizadora	Data Desde	Data ata	Número de horas	Numero de asistentes	Forma de impartición
Formación de formadores responsables da Administración Xeral do Estado na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)	Outras administracións	13/12/2021	15/12/2021	22	15	Presencial
Os novos fondos europeos COVID. Mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control (FC21120)	Comunidade/Cidade Autónoma	19/04/2021	19/05/2021	30	42	Telemática
Os novos fondos europeos COVID. Mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control (FC2156-T01)	Comunidade/Cidade Autónoma	15/09/2021	14/10/2021	30	37	Telemática
Os novos fondos europeos COVID. Mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control (FC2156-T02)	Comunidade/Cidade Autónoma	27/10/2021	26/11/2021	30	42	Telemática
Curso monográfico Fondos europeos NextGenerationEU (IE21001)	Comunidade/Cidade Autónoma	17/06/2021	18/06/2021	11	110	Presencial
Dereito europeo concorrente no eido do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (FC22023)	Comunidade/Cidade Autónoma	02/05/2022	19/05/2022	30	21	Telemática
Os novos fondos europeos COVID. Mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control (FC22047-T01)	Comunidade/Cidade Autónoma	25/04/2022	25/05/2022	30	50	Telemática
Os novos fondos europeos COVID. Mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control (FC22047-T02)	Comunidade/Cidade Autónoma	20/09/2022	20/10/2022	30	N/A	Telemática
Os fondos Next Generation e o mecanismo de recuperación e resiliencia: execución e control (FC22170)	Comunidade/Cidade Autónoma	24/10/2022	24/11/2022	30	N/A	Telemática
A xestión de proxectos MRR na Comunidade Autónoma_1	Comunidade/Cidade Autónoma	06/04/2022	07/04/2022	11	120	Presencial
A xestión de proxectos MRR na Comunidade Autónoma_2	Comunidade/Cidade Autónoma	20/04/2022	21/04/2022	11	102	Presencial

Cursos Impartidos Integridade

Nome do Curso	Entidade organizadora	Data Desde	Data ata	Número de horas	Número de asistentes	Forma de impartición
Aplicación práctica da Lei de contratos do sector público. A integridade e o bo goberno na contratación pública	Comunidade/Cidade Autónoma	20/05/2021	14/06/2021	24	50	Telemática
A xestión da integridade nas institucións públicas	Comunidade/Cidade Autónoma	20/05/2021	11/06/2021	20	20	Telemática
Ética pública, os códigos éticos e o código ético da Xunta de Galicia	Comunidade/Cidade Autónoma	29/10/2021	12/11/2021	12	50	Telemática
Aplicación práctica da Lei de contratos do sector público. A integridade e o bo goberno na contratación pública	Comunidade/Cidade Autónoma	21/11/2022	15/12/2022	40	50	Telemática
Aplicación práctica da Lei de contratos do sector público. A integridade e o bo goberno na contratación pública	Comunidade/Cidade Autónoma	24/05/2022	28/06/2022	40	50	Telemática
Integridade institucional	Comunidade/Cidade Autónoma	02/05/2022	20/05/2022	20	48	Telemática





ALEGACIONES





Asunto: Alegacións ao Anteproxecto de informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En relación ao Anteproxecto de informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia efectúanse as seguintes **alegacións**:

1- Desenvolvemento normativo

APARTADO V CONCLUSIÓN (pax.14):

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma non se aprobou unha norma específica para a implementación do PRTR. Porén, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia dedica o seu Título V a regular os instrumentos de gobernanza e as especialidades de xestión dos fondos de recuperación

Adicionalmente, as leis orzamentarias para os exercicios 2021 e 2022 introduciron disposicións relativas ao PRTR.

- ALEGACIÓN

Enténdese que o marco normativo completado coa normativa estatal e comunitaria é suficiente para dar cobertura a xestión dos fondos do PRTR.



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



2- Marco de gobernanza

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.14):

En liñas xerais a Lei 9/2021 diseña unha estrutura de gobernanza adecuada para a planificación, coordinación e seguimento do PRTR que se articula en torno á Comisión para a planificación e impulso de proxectos -en adiante CNGG- e ao Comité Técnico de Fondos de Recuperación. As funcións e responsabilidades destes órganos defínense, respectivamente, nos artigos 60 e 61.

Dende a súa constitución, por acordo do Consello da Xunta do 8 de outubro de 2020, a CNGG aprobou documentos de harmonización en materia de contratos e subvencións e tamén unha Guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do MRR. Durante a fiscalización non se obtivo evidencia da realización doutras funcións que lle encomenda a lei, como analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento NGEU ou levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas; tampouco consta a creación do Comité Técnico previsto polo artigo 61. En consecuencia, non foi posible verificar que a planificación, coordinación e seguimento das actuacións incluídas no PRTR acadara o grao de desenvolvemento esixible.

- ALEGACIÓN

A Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU, é o órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais susceptibles de ser financiadas por fondos Next Generation EU, segundo a Lei 9/2021.

A aprobación da Estratexia para a transformación de Galicia, respondeu á finalidade inicial de analizar e propoñer iniciativas públicas, público-privadas e proxectos empresariais, susceptibles de recibir financiamento no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



Estes proxectos e os identificados como proxectos tractores¹, foron trasladados ao Goberno de España, tanto na fase inicial de definición do PRTR como da addenda ao Plan, que nestes momentos o Goberno de España está a negociar coa Comisión Europea.

O deficiente nivel de cogobernanza no deseño e implementación do PRTR, conleva unha configuración do PRTR moi atomizada e condicionada pola estrutura ministerial. Cada compoñente do PRTR configúrase como un instrumento de planificación independente, onde en cada conferencia sectorial, os distintos Ministerios establecen os criterios e as actuacións a financiar, independentemente das distintas necesidades e especificidades de cada territorio e sen ter en conta os distintos proxectos propostos desde a nosa Administración.

Consideramos que non houbo unha planificación consensuada e que non se está cumprindo o principio de subsidiaridade. O Plan de Recuperación está deseñado desde unha perspectiva nacional e é preciso ter en conta as particularidades e a realidade socioeconómica de cada CA.

O Comité Técnico de Fondos de Recuperación, regulado no artigo 61 da Lei 9/2021 estase a reunir periodicamente, para analizar o avance na execución dos subproxectos atribuídos á Comunidade Autónoma, así como das novidades, recomendacións e outras cuestións de interese na materia que vaian xurdindo.

Bótase en falta unha análise do funcionamento da cogobernanza que debe de ser impulsada pola Administración xeral do Estado, en cumprimento do establecido no Real decreto-lei 36/2020, e que na práctica non funcionou adecuadamente.

¹ A finais de 2020 creouse a Unidade de Proxectos Tractores co firme compromiso de colaborar co tecido produtivo en identificar proxectos que puidesen aproveitar os fondos deste Mecanismo de Recuperación



APARTADO VI RECOMENDACIÓNS (pax.18):

1.- Impulsar o desenvolvemento das funcións que a Lei 9/2021 atribúe aos órganos de gobernanza do PRTR, nomeadamente no que se refire ao seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas.

- ALEGACIÓN

Partindo dos comentarios ao apartado das conclusións sobre o Marco de Gobernanza, estase a realizar o seguimento da execución das actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia asignadas en Conferencia Sectorial, por Real Decreto ou Convenio, que se completará coa difusión periódica dos mesmos.

APARTADO VIII RESULTADO DOS TRABALLOS.

VIII.2 Marco de Gobernanza:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 24:

A pesar das manifestacións do Real decreto-lei 36/2020 e dos instrumentos de coordinación previstos na norma, a cogobernaza real tivo eivas importantes:

En particular debe de terse en conta que as ordes Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e a Orden HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, non foron consultadas nin se recabou a opinión das CC.AA. , mesmo nin foron informadas da súa publicación, a pesar de que moitas delas inciden no ámbito competencial exclusivo da autoorganización autonómica, e que a implementación dalgunhas das súas medidas podería terse realizado dun xeito menos oneroso, en termos de requirimentos, para as administracións autonómicas, por exemplo cando se esixe a carga de datos en CoFFE que xa figuran noutras bases de datos estatal.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
S/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



3- Planificación estratéxica

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.15):

Planificación xeral

Elaborouse un instrumento de planificación de ámbito autonómico² aprobado en sintonía co PRTR e enmarcado dentro do Plan Estratéxico Rexional. O documento identifica os eidos prioritarios de investimento e prevé o deseño dun cadro de indicadores que permitan medir de forma continuada o desenvolvemento da estratexia, reflectindo os resultados obtidos en informes de seguimento. Á data de elaboración do presente informe non se puxeran en marcha os sistemas de monitorización descritos nin se elaboraran os correspondentes informes sobre a evolución das accións desenvolvidas, o que dificulta, tanto a detección das desviacións que, no seu caso, se teñan producido, como a adopción das medidas necesarias para corrixilas.

Planificación para a xestión do PRTR

O instrumento xeral descrito non foi completado con outros instrumentos de planificación que identifiquen os subproxectos asignados, as actuacións a realizar e os medios necesarios para desenvolvelas. Se ben esta incidencia non supón un incumprimento legal, afecta á correcta identificación das obrigas asumidas e ao adecuado seguimento dos fitos e obxectivos asignados.

Planificación dos instrumentos de xestión

Non se aprobou un Plan Estratéxico de Subvencións nin un Plan Anual de Contratación nos que poder reflectir os instrumentos de xestión do PRTR.

- ALEGACIÓN

Actualmente, a planificación está cuberta -nun primeiro chanzo- polos acordos de conferencia sectorial, reais decretos e convenios que fixan os criterios de distribución dos fondos do PRTR, pero tamén os subproxectos e as contías asignadas á Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



A nivel interno da Comunidade Autónoma, esta planificación lévese a cabo coa cumprimentación dos Anexos II da Guía MRR (definición dos subproxectos) e co cadro de mando, onde tamén se monitorizan os avances dos subproxectos financiados co MRR e das súas actuacións, os fitos e obxectivos asociados, os prazos fixados para o seu cumprimento, a contía orzamentada e a información contable. En definitiva, recolle os aspectos cualitativos e cuantitativos susceptibles de medición que inicialmente perseguía a “Estratexia para a transformación de Galicia” para valorar o progreso e detectar posibles atrancos na execución.

Este cadro de mando, xunto con outros datos como a territorialización das axudas e a identificación dos beneficiarios, serve para confeccionar uns informes periódicos de execución que se presentan ao Consello da Xunta e se trasladaron ao Parlamento de Galicia a petición dos Grupos Parlamentarios. Proximamente, tamén serán publicados na páxina web NGG.

A Estratexia para a transformación de Galicia é o documento orixinario que propoñía Galicia para captar fondos do MRR, pero tal e como se comentou no anterior apartado, non se tivo en conta polo Goberno de España. A implementación do PRTR e as actuacións a financiar están definidas pola Administración Xeral do Estado e o seu carácter excesivamente finalista, impide a axilidade e a adaptación do seu obxecto á realidade de cada territorio e implica falta de axilidade administrativa.

Existen documentos de planificación sectoriais das diferentes consellerías nas que se inclúen actuacións financiadas con fondos PRTR.

APARTADO VI RECOMENDACIÓNS (pax.18):

2.- Poñer en marcha os mecanismos de monitorización previstos no documento Estratexia para a transformación de Galicia e reflectir os resultados en informes semestrais de seguimento e anuais de avaliación.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es





INTERVENCIÓN XERAL
DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA



3.- Aprobación de instrumentos de planificación para a xestión do PRTR que identifiquen os subproxectos asignados, as actuacións a realizar e os medios necesarios para desenvolvelas.

- ALEGACIÓN

Tal e como se comentou previamente, o feito de que os subproxectos e actuacións desenvolvidos pola Xunta de Galicia, responde á estratexia definida polo Goberno de España no marco do PRTR, que se concreta nas asignacións e directrices establecidas por Conferencia Sectorial, por RD ou Convenio, por cada Ministerio no ámbito das súas competencias, propoñemos que estas dúas recomendacións se concreten nunha que recolla a identificación dos subproxectos e actuacións que desenvolverá a Xunta de Galicia en cada compoñente do PRTR.

APARTADO VIII RESULTADO DOS TRABALLOS.

VIII.2.2 Planificación estratéxica:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 29:

No ámbito autonómico o instrumento de planificación estratéxica para os departamentos con competencias de xestión de proxectos financiados con PRTR considerouse que debía de estar incluído no PEG 2021-2030, como documento estratéxico onnicomprensivo, que especificamente realiza unha análise deste tipo de fondos e a súa incidencia.

Adicionalmente tanto no proceso de asignación orzamentaria, como no da súa xestión, desenvolveron códigos de proxecto que permiten un seguimento da súa execución e dos seus indicadores a nivel de subproxectos.



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



4- Transparencia e rendición de contas

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.15):

Durante o período fiscalizado, a Comunidade Autónoma non se dotara de pautas claras sobre a información a subministrar en relación coas actuacións incluídas no PRTR e, en consecuencia, non se publicaron datos relativos á xestión desenvolvida neste ámbito que permitan coñecer o grado de avance na súa execución.

A través da páxina web Next Generation Galicia, dispoñible dende principios do ano 2021, publícase información sobre as convocatorias estatais e autonómica vinculadas ao plan xunto con noticias relacionadas cos fondos e información sobre a súa normativa reguladora. O portal é susceptible de mellora, tanto polo que respecta á accesibilidade e á navegación dentro do seu entorno, como en relación co formato no que se presenta a información.

- ALEGACIÓN

Mensualmente estase a elaborar un informe sobre o estado da execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en Galicia. Este informe se leva ao Consello da Xunta de Galicia e dáse traslado ao Parlamento de Galicia a petición dos Grupos Parlamentarios.

Na páxina web Next Generation Galicia, publícase información actualizada das distintas convocatorias, normativa, novas e ademais figura unha cante de participación cidadá e outra para a administración local. En breve, incorporárase os informes de execución do PRTR.

Como confirma o informe a rendición de contas realizouse no Parlamento de Galicia con ocasión de varias intervencións específicas sobre a xestión dos fondos, máis todas as comparecencias ou preguntas nas que se rendeu contas de políticas sectoriais, total o parcialmente financiadas con fondos PRTR. En particular nas




CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
S/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es





INTERVENCIÓN XERAL
DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA



comparecencias dos diferentes departamentos fíxose mención a políticas financiadas con estes fondos.

Periodicamente rendeuse contas ao Consella da Xunta do grado de execución do orzamentos e remítese anualmente a información da execución dos fondos europeos, en concreto do PRTR, ao Consello de Contas..

Na actualidade a Xunta ten previsto realizar accións de rendicións de contas á cidadanía a través de informes de execución que serán publicados na páxina web NG.

APARTADO VI RECOMENDACIÓNS (pax.19):

5.- *Plasmar nun documento as instrucións relativas ao tipo e contido da información a publicar sobre a xestión dos fondos MRR. Publicar esa información en formatos que permitan a súa edición e tratamento posterior.*

10.- *Implementar, á maior brevidade posible, un sistema de información a nivel autonómico que permita efectuar un adecuado seguimento en relación co cumprimento dos fitos e obxectivos.*

- ALEGACIÓN

Propoñemos refundir as recomendacións 5ª e 10ª, na que se indique a necesidade de contar cun sistema de información actualizado que permita un adecuado seguimento da execución das actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia e do cumprimento dos fitos e obxectivos asociados.

APARTADO VIII RESULTADO DOS TRABALLOS.

VIII.2.3 Transparencia e rendición de contas:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 30:

CVE: 0UP6Z2pYv18
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



Non se entendeu oportuno modificar unha lei de aplicación xeral como a 1/2016, para introducir peculiaridades de transparencia en relación con proxectos PRTR.

As obrigas de transparencia establecidas na Lei 1/2016 relativas a subvencións e contratación estanse a cumprir.

Actualmente estase a deseñar un sistema periódico de información do grao de execución dos proxectos, adicional ao que se realiza diante do Consello da Xunta.

engadir en páxina 31:

Na rendición de contas ante o parlamento de Galicia debe de terse en conta que ademais das comparecencias sinaladas no informe diante dunha comisión específica creada para render contas deste fondos, nas diferentes comparecencias dos departamentos no proceso de aprobación dos orzamentos xerais do ano 2021 e 2022 se fixo referencia a proxectos financiados con fondos do MRR.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia rende información sobre a execución dos fondos europeos, en concreto sobre o PRTR, na Conta Xeral que remite anualmente tanto ao Parlamento de Galicia como ao Consello de Contas.

CVE: 674P-UXA4H237K14KCR77XQS5
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

Cod. Validación: 674P-UXA4H237K14KCR77XQS5
Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 80 a 98



5- Fomento da concorrência

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.16):

Ademais da centralización de toda a información relativa ao PRTR nunha única páxina web, desenvóléronse diferentes accións que favorecen o fomento da concorrência. Entre elas destacan a promoción do diálogo social a través de encontros con axentes sociais para analizar as candidaturas Next Generation de Galicia ou a creación, no Instituto Galego de Promoción Económica, dunha Unidade de Proxectos Tractores que proporciona asistencia técnica para apoiar aos perceptores dos fondos que así o precisen.

- ALEGACIÓN

Todas as liñas de axuda e contratación tiveron a publicidade requirida legalmente alén de accións de difusión previas as respectivas convocatorias e licitacións.



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



6- Recursos humanos

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.16):

Planificación

Ainda que a Lei 9/2021 non prevé que as necesidades en materia de RRHH se incorporen a un instrumento de planificación estratéxica o Acordo do 8 de abril de 2021, polo que se aproban as actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia, deu resposta aos contidos propios dun instrumento deste tipo. As medidas de planificación que recolle requiren dunha coordinación centralizada, que non se instrumentou a través dunha unidade con competencias en materia de recursos humanos destinados ao PRTR. Porén, esta debilidade corrixiuse parcialmente a través da intervención de tres centros directivos da Consellería de Facenda e Administración Pública aos que se lle asignaron funcións específicas para a constitución de grupos de traballo que dean cobertura ás necesidades existentes.

Xestión

No momento da realización dos traballos de fiscalización os xestores situaban o nivel de cobertura das necesidades de persoal asociadas ao PRTR entre un 50% e un 75%. Porén, non se obtivo evidencia de que, durante o período fiscalizado, se analizara a carga de traballo existente nas diferentes unidades ou se aplicaran as medidas previstas normativamente para facilitar a cobertura dos postos vinculados ao PRTR, o que podería afectar negativamente á óptima utilización dos recursos existentes.

Formación

A Comunidade Autónoma detectou de forma temperá as necesidades formativas para a execución dos fondos PRTR e respondeu con solvencia aos retos de axilidade na celebración dos cursos e ampla accesibilidade aos mesmos.

- ALEGACIÓN

Polo que se refire á planificación, o Acordo do Consello da Xunta de 8 de abril de 2021 regula a análise que os diferentes centros directivos deben realizar relativos ao

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



incremento de cargas de traballo e das necesidades de persoal derivadas das accións de execución dos fondos derivados do PRTR.

No que atinxe á xestión; na análise das peticións de recursos humanos realizadas polo centros directivos que xestionan PRTR e solicitaron incrementos de persoal os informes das Direccións Xerais da consellería realizaron unha análise da carga de traballo derivada da xestión e da pertinencia de incrementar os recursos humanos en cada caso..

APARTADO VI RECOMENDACIÓNS (pax.19):

6.- Centralizar, nun dos tres centros directivos con atribucións na xestión destes fondos, as competencias en materia de RRHH destinados ao PRTR de cara a unha óptima coordinación das necesidades de todas as entidades executoras

- ALEGACIÓN

Asúmese a necesidade de reforzar a centralización da información dos tres centros directivos e avanzar na coordinación con máis medidas que a aprobación das instrucións.

7.- Implementar as medidas de xestión de persoal previstas pola Lei 9/2021, nomeadamente a análise da carga de traballo, para coñecer as necesidades reais de persoal asociadas á xestión dos fondos MRR.

- ALEGACIÓN

A análise de cargas de traballo xa se está a realizar cando se realiza unha valoración da oportunidade e coherencia funcional do persoal solicitado coas novas cargas derivadas de implementación de novas liñas de axudas ou de novos contratos a financiar con fondos do PRTR.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



APARTADO VIII RESULTADO DOS TRABALLOS.

VIII.3 Cobertura de necesidades de recursos humanos e outros medios materiais:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 32:

Con carácter xeral debe de terse en conta que a distribución dos fondos do PRTR non se realizou nun único momento senón que as asignación e os criterios de reparto foron realizados nunha continua sucesión de conferencias sectoriais o que impediu un análise *ex ante* das necesidades de recursos humanos de conformidade cunha visión global de asignación do reparto orzamentario e das necesidades de persoal en función das diferentes accións fixadas en conferencias sectoriais.

VIII.3.2 Planificación e organización de recursos humanos:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 33:

O acordo do Consello da Xunta do 8 de abril establece a asignación de responsabilidades das tres direccións xerais e cada un dos elementos sobre os que deben pronunciarse os tres centros directivos, este acordo complementouse cunhas instrucións internas, colgadas na intranet da Xunta, para determinar o procedemento de aprobación e a asignación de responsabilidades.

engadir en páxina 34:

No ano 2021 aprobáronse dúas medidas en materia de persoal no IGAPE e na área de dependencia da Consellería de Política Social consistentes en gratificacións e produtividade para persoal propio combinada con contratación de 2 interinos durante 9 meses



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselliadefacenda.es





XUNTA
DE GALICIA

INTERVENCIÓN XERAL
DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA



Xacobeo 21-22

Ao longo do ano 2022 aprobouse a constitución de 8 grupos de traballo, con solucións de combinacións de produtividade e contratación de interinos.

No ano 2023 aprobouse un grupo de traballo que supón a combinación de pagamento de produtividade, horas extra e contratación de interinos.

O conxunto total das accións en materia de persoal en 11 centro directivos supuxo o pagamento de importe por produtividade dun total de 575.032,18 euros no ano 2022.

A maiores a medida afectou a 284 persoas que xa traballaban nos centros directivos e a contratación de 28 interinos.

Logo dunha enquisa efectuadas a comezos do ano 2023 o numero de efectivos totais que na Xunta e nas súas entidades dependentes traballa total ou parcialmente (máis do 50 por cento da xornada semanal) na xestión de expedientes financiados con PRTR ascende a un total de 423.



CVE: a1p8z2y7v6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



7- Modelos de xestión

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.16-17):

Adaptación dos sistemas de xestión

A falta de cumprimentación dos test de autoavaliación pola maioría de entidades executoras e as debilidades atopadas nos efectivamente realizados, impiden efectuar unha valoración en relación coa adaptación dos sistemas de xestión a partir da información dos cuestionarios remitidos.

Adaptación dos instrumentos de xestión

En liñas xerais a Comunidade Autónoma adaptou de xeito coordinado os procedementos de subvencións, contratacións e convenios aos principios de xestión específicos do PRTR. A dita adaptación realizouse a través de medidas no ámbito da xestión -Guía para a xestión dos expedientes con financiamento de fondos do MRR, modelos de bases reguladoras de subvencións e pregos tipo de contratos- e tamén no ámbito do control interno -Instrución 1/2022 da IXCA.

- ALEGACIÓN

Nun primeiro momento, á entrada en vigor da Orde HFP/1030/2021, aínda non estaba claras as instrucións por parte do Ministerio de Facenda e Función Pública sobre como e quen debía cubrir o test de autoavaliación do risco, pero agora é requisito imprescindible a súa aportación polas correspondentes Secretarías Xerais Técnicas, para poder xestionar actuacións no marco do PRTR.

APARTADO VIII RESULTADO DOS TRABALLOS.

VIII.4.1 Adaptación dos sistemas de xestión:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 39:



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



Os resultados da enquisa poñen de manifesto un risco baixo realizado en base aos criterios establecidos no PMA xeral aprobado para o conxunto da Xunta, adoptando maioritariamente o criterio de riscos e medidas correctoras recomendado polo Consello de Contas, polo que non se poden detectar eivas no proceso.

A entrada en vigor da Orde HFP 1030/2021 proveía unha adopción no prazo de 90 días (que teoricamente remataban o 30 de decembro) e que finalmente a administración xeral do Estado interpretou como hábiles. Agás a CC.AA. de Galicia e Madrid, non se tiña aprobados plans antifraude nas restantes administracións públicas, e mesmo na Administración Xeral do Estado non se tiña adoptado un modelo de plan (a aprobación do plan do Ministerio de Hacienda e Función Pública prodúcese con moita posterioridade; o 2 de xuño de 2022).

O conxunto dos centros directivos que xestionaban fondos PRTR o aporbaron os seus plans ao longo dos tres primeiros meses do ano 2022. Adicionalmente outros centros directivos que non xestionaban ditos fondos tamén o aprobaron; xa que logo a manifestación de que non se aprobaron no momento de entrada en vigor debería matizarse.

Con respecto ás instrucións sobre responsabilidades na avaliación o propio PMA define quen son os responsables en cada centro directivo e como deben de ser designados.

O funcionamento real de Coffe-MRR foi moito máis tardío no previsto polo Ministerio de Hacienda, e ademais non se facilitaron os elementos tecnolóxicos do programa ministerial para poder realizar correctamente a adaptación das aplicacións informáticas propias de Galicia.



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



8- Mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.17-18):

O 10 de decembro de 2021 o Consello da Xunta aprobou o Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude e o modelo de plan específico para os centros directivos e entidades instrumentais.

Tanto o plan xeral como os plans específicos que se foron aprobando inclúense nun marco de integridade institucional con vocación de extensión a todas as entidades e fondos do sector público autonómico.

Proceso de elaboración dos Plans de Medidas Antifraude

O plan xeral establece a necesidade de realizar unha avaliación de riscos e incide na conveniencia de que esa avaliación se realice de xeito individualizado en cada plan específico. Porén, con carácter xeral, a análise individualizada foi substituída por unha remisión xenérica aos riscos e medidas identificados no plan xeral.

Contido dos plans

Os plans analizados inclúen os requirimentos de contido mínimos fixados pola normativa, se ben se apreciaron marxes de mellora no que respecta aos procedementos de xestión dos conflitos de interese e de supervisión das DACI.

Competencias

O plan xeral desenvolve un marco organizativo con distribución de competencias de todos os órganos tansversais pero non inclúe no seu contido á Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade prevista no PMII.

Sensibilización e difusión

O Pleno do Consello da Xunta realizou unha declaración institucional de integridade e compromiso ético que foi subscrita, en idénticos termos, polos máximos responsables dos centros directivos/entidades instrumentais que elaboraron plans específicos.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: qJp6ZkVv16
Validación: <https://sede.xunta.gal/cve>





INTERVENCIÓN XERAL
DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA



Máis alá da súa publicación na web non consta que se estableceran mecanismos de difusión ou comunicación dos plans.

- ALEGACIÓN

O plan xeral identifica, de conformidade coas recomendacións do Consello de Contas os principais riscos en materia de subvencións e contratación cos que se executan maioritariamente os fondos do PRTR, polo que a remisión estaba xustificada tendo en conta que o abano de riscos e medidas incluía a maioría das detectadas polo propio Consello de Contas.

Con respecto á o sistema de supervisión das DACIS, debe de terse en conta que dito mecanismo impleméntouse pola administración do estado a través da ORDE HFP 55/2023, e precisaba unha habilitación legal para o conxunto do estado que se realizou a través da Lei de Orzamentos para o ano 2023.

A Comisión Interdepartamental prevista no PMII desenvólvese na actual revisión do PMA.

A difusión do plan tamén se realizou a través do manual de acollida a novos funcionarios, publicado na paxina web e dispoñible para o conxunto da organización e da cidadanía.

Nos diferentes cursos difundíuse o contido do PMA..

APARTADO VIII RESULTADO DOS TRABALLOS.

VIII.4.3 Mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude:

- ALEGACIÓN

engadir en páxina 45:



CVE: L1P6627KX4S
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



A remisión a riscos e medidas establecidos no plan xeral nas áreas de contratación e subvencións responden a estratexia de dar unha resposta homoxénea aos eventuais riscos e medidas que ademais incorporan a recomendacións efectuadas polo Consello de Contas nesta materia.

Ademais o alto grao de cumprimento, en termos temporais, na aprobación dos plans xerais e específicos provocou que non se puidesen documentar outros riscos non previstos no plan xeral.

engadir en páxina 45:

No que respecta a elementos de mellora da supervisión das DACIS, cómpre ter en contas que boa parte desas medidas precisaron habilitacións normativas a través dos orzamentos xerais do estado e da publicación da orde HFP/55/2023.

engadir en páxina 46:

a difusión do PMA tamén se realizou a través do manual de acollida e dos cursos de formación.



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es



9- Sistemas de información

APARTADO V CONCLUSIÓNS (pax.18):

A Secretaría Xeral de Fondos Europeos deseñou un sistema de información de xestión do PRTR (CoFFEE) que á data de redacción do presente informe non estaba operativo. Sen prexuízo da dificultade que isto supón para agrupar a información xerada nos procesos de xestión das iniciativas derivadas do PRTR, as comunidades autónomas deben adaptar os seus sistemas de información ao contido da Orde HFP/1031/2021, de xeito que permita o acceso á información identificativa dos subproxectos, o seguimento da súa execución contable e o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos.

En Galicia, no momento de elaboración do presente informe, estíbese a preparar un sistema de información de alcance autonómico cuxa posta en funcionamento condiciónase á operatividade do sistema estatal.

- ALEGACIÓN

Nun primeiro momento, atendendo ás instrucións técnicas facilitadas polo Ministerio de Facenda e Función Pública, a Comunidade Autónoma comezou a desenvolver unha aplicación informática a nivel autonómico baseada na posibilidade de interoperabilidade co sistema de información CoFFEE do Estado. Porén, os continuos retrasos na posta en funcionamento de CoFFEE e o sometemento a un continuo desenvolvemento/actualización, provocan unha inestabilidade nas interfaces que fai inviable, nestes momentos, a interoperabilidade entre aplicacións, deixando en suspenso o proxecto autonómico.

Os xestores están obrigados a cargar os datos en CoFFEE, sistema onde se centraliza a información do PRTR e sobre o que se levarán a cabo as auditorías por parte dos órganos de control estatais e comunitarios.

CVE: aJp6Z3yY/16
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edifícios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

Cod. Validación: 674P JXA4H237KL4KCR77XQS5
Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 91 a 98



Informe de Fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



Ata agora os reportes de información das consellerías aos respectivos ministerios facíanse no concreto formato Excel que pedía cadanseu ministerio.

O Ministerio de Facenda anunciou que en febreiro deste ano, estaría habilitado un perfil de consulta autonómico que permitirá ter acceso a toda a información da nosa Comunidade Autónoma cargada en CoFFEE, sen que a día de hoxe estea dispoñible.

Santiago de Compostela,

O Interventor Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Asinado por: LOPEZ IGLESIAS, ARTURO
Cargo: Interventor Xeral
Data e hora: 04/04/2023 14:17:35

CVE: aJp4Z2xvYv16
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano
s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

Cod. Validación: 674P UXA4H237K14KCR77XQS5
Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 92 a 98



RÉPLICAS ÁS ALEGACIONES





RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS NO ÁMBITO AUTONÓMICO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 47.1 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017 (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), o interventor xeral da Comunidade Autónoma, no prazo sinalado no escrito de remisión do informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou alegacións ao Anteproxecto (Rexistro de entrada nº 2023-E-RE-540, do 4 de abril de 2023), que se xuntan a este informe de fiscalización. Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase este feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

Réplicas ás alegacións formuladas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma²⁵

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 1, desenvolvemento normativo.

Enténdese que o marco normativo completado coa normativa estatal e comunitaria é suficiente para dar cobertura a xestión dos fondos do PRTR.

A alegación formulada non contradí o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supón a súa modificación.

²⁵ Transcríbese un extracto das alegacións formuladas ao anteproxecto de informe.



Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 2, marco de gobernanza.

(...) Consideramos que non houbo unha planificación consensuada e que non se está cumprindo o principio de subsidiaridade. O Plan de Recuperación está deseñado desde unha perspectiva nacional e é preciso ter en conta as particularidades e a realidade socioeconómica de cada CA.

O Comité Técnico de Fondos de Recuperación, regulado no artigo 61 da Lei 9/2021 estase a reunir periodicamente, para analizar o avance na execución dos subproxectos atribuídos á Comunidade Autónoma, así como das novidades, recomendacións e outras cuestións de interese na materia que vaian xurdindo.

Bótase en falta unha análise do funcionamento da cogobernanza que debe de ser impulsada pola Administración xeral do Estado, en cumprimento do establecido no Real decreto-lei 36/2020, e que na práctica non funcionou adecuadamente (...).

Non se aportou documentación acreditativa do funcionamento do Comité Técnico e a alegación formulada non contradí o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supón a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 3, planificación estratéxica.

Actualmente, a planificación está cuberta -nun primeiro chanzo- polos acordos de conferencia sectorial, reais decretos e convenios que fixan os criterios de distribución dos fondos do PRTR, pero tamén os subproxectos e as contías asignadas á Comunidade Autónoma.

A nivel interno da Comunidade Autónoma, esta planificación lévase a cabo coa cumprimentación dos Anexos II da Guía MRR (definición dos subproxectos) e co cadro de mando, onde tamén se monitorizan os avances dos subproxectos financiados co MRR e das súas actuacións, os fitos e obxectivos asociados, os prazos fixados para o seu cumprimento, a contía orzamentada e a información contable.

En definitiva, recolle os aspectos cualitativos e cuantitativos susceptibles de medición que inicialmente perseguía a "Estratexia para a transformación de Galicia" para valorar o progreso e detectar posibles atrancos na execución.

Este cadro de mando, xunto con outros datos como a territorialización das axudas e a identificación dos beneficiarios, serve para confeccionar uns informes periódicos de execución que se presentan ao Consello da Xunta e se trasladaron ao Parlamento de Galicia a petición dos Grupos Parlamentarios. Próximamente, tamén serán publicados na páxina web NGG.

Non se aportou documentación acreditativa dos informes periódicos de execución mencionados, polo que non se modifica o texto do informe.



Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 4 do informe de fiscalización, relativo á transparencia e rendición de contas.

Mensualmente estase a elaborar un informe sobre o estado da execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en Galicia. Este informe se leva ao Consello da Xunta de Galicia e dáse traslado ao Parlamento de Galicia a petición dos Grupos Parlamentarios. (...)

Periodicamente rendeuse contas ao Consella da Xunta do grado de execución do orzamentos e remítese anualmente a información da execución dos fondos europeos, en concreto do PRTR, ao Consello de Contas.(...)

Non se aporta documentación xustificativa a este respecto polo que non se modifica o texto do informe neste punto.

(...) Propoñemos refundir as recomendacións 5ª e 10ª, na que se indique a necesidade de contar cun sistema de información actualizado que permita un adecuado seguimento da execución das actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia e do cumprimento dos fitos e obxectivos asociados.

Non se acepta por que cada unha destas recomendacións aborda aspectos diferentes: a primeira ten que ver coa transparencia e a adecuada publicidade dos fondos que promova e facilite o acceso á información relevante, mentres que a segunda refírese á obriga das entidades do sector público, incluído o autonómico, de remitir información sobre o seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do Plan de Recuperación, Resiliencia e Transformación da UE. En consecuencia non se modifica o texto do informe.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 5, fomento da concorrência.

Todas as liñas de axuda e contratación tiveron a publicidade requirida legalmente alén de accións de difusión previas as respectivas convocatorias e licitacións.

A alegación formulada non contradí o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supón a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 6, recursos humanos.

(...) No que atinxe á xestión; na análise das peticións de recursos humanos realizadas polo centros directivos que xestionan PRTR e solicitaron incrementos de persoal os informes das Direccións Xerais da consellería realizaron unha análise da carga de traballo derivada da xestión e da pertinencia de incrementar os recursos humanos en cada caso (...)

(...) A análise de cargas de traballo xa se está a realizar cando se realiza unha valoración da oportunidade e coherencia funcional do persoal solicitado coas novas cargas derivadas de implementación de novas liñas de axudas ou de novos contratos a financiar con fondos do PRTR (...)

Non se acompaña evidencia acreditativa das análises de cargas de traballo mencionadas polo que non se modifica o contido do informe neste punto.



(...) Logo dunha enquisa efectuadas a comezos do ano 2023 o numero de efectivos totais que na Xunta e nas súas entidades dependentes traballa total ou parcialmente (máis do 50 por cento da xornada semanal) na xestión de expedientes financiados con PRTR ascende a un total de 423.

Incorpórase ao informe unha nota o pé co dato actualizado do número de efectivos adscritos á xestión de expedientes do PRTR.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 7, modelos de xestión.

(...) O conxunto dos centros directivos que xestionaban fondos PRTR o aprobaron os seus plans ao longo dos tres primeiros meses do ano 2022. Adicionalmente outros centros directivos que non xestionaban ditos fondos tamén o aprobaron; xa que logo a manifestación de que non se aprobaron no momento de entrada en vigor debería matizarse (...)

Non se acepta porque o incumprimento sinalado no apartado de conclusións do anteproxecto refírese aos test de autoavaliación esixidos pola Orde HFP1030/2021, non á aprobación dos plans de medidas antifraude.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 8 do informe de fiscalización, relativo a mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude.

(...) A difusión do plan tamén se realizou a través do manual de acollida a novos funcionarios, publicado na páxina web e dispoñible para o conxunto da organización e da cidadanía.

Nos diferentes cursos difundíuse o contido do PMA.

Admítase a alegación, engadindo esta información ao texto do informe nos apartados V-conclusións- e VIII.4.3- Resultados dos traballos. Mecanismos de prevención, detección e corrección da fraude.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado 9, sistemas de información.

Nun primeiro momento, atendendo ás instrucións técnicas facilitadas polo Ministerio de Facenda e Función Pública, a Comunidade Autónoma comezou a desenvolver unha aplicación informática a nivel autonómico baseada na posibilidade de interoperabilidade co sistema de información CoFFEE do Estado. Porén, os continuos retrasos na posta en funcionamento de CoFFEE e o sometemento a un continuo desenvolvemento/actualización, provocan unha inestabilidade nas interfaces que fai inviable, nestes momentos, a interoperabilidade entre aplicacións, deixando en suspenso o proxecto autonómico (...)

As alegacións formuladas non contradín o indicado no anteproxecto do informe, polo que non supoñen a súa modificación.

